

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2008/07
CARACTER: ORDINARIA
CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 14 de xullo de 2008

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas do día **14 de xullo de 2008** reuniuse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter ORDINARIO, baixo a presidencia do Sr.Alcalde D. Fernando SUAREZ BARCIA e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

P.P.

D.José Carlos Rodríguez Andina
D. José Duarte Díaz
Dona Begoña Sanjurjo Santar
D.Jesús López Penabad

PSG-PSOE

D. Balbino E.Pérez Vacas.
D. Ramón López Pérez
Dona María José Rodríguez Arca

U.P.R.I.

D.Francisco Rivas Alvarez
D.Agustín Reymondez Gancedo.

Secretario Xeral:

D.Manuel J. Díaz Sánchez.

Interventora:

Dona Olalla Alvarez de Neyra Martínez.

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ó estudio dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, previa citación e por rigoroso orde.

2008/01.48.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 26 DE XUÑO DE 2008.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopia do borrador da acta correspondente á sesión de data 26 de xuño de 2008, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlle a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2008/02/49.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDIA-PRESIDENCIA DENDE A NÚMERO 80/2008 Á NÚMERO 117 / 2008 DE 27 DE XUÑO DE 2008.

Dase conta das Resolución epigrafiadas iniciándose deliberación ao respecto.

Intervén en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez de UPRI que pregunta polo Decreto 694 de suministro de bancos para o Campo de fútbol de A Devesa, por importe de 2.932 euros e pregunta se foi un banco solo , contestándose polo Sr.Castro Reigosa, como Concelleiro Delegado de Economía e Facenda e de Deportes que corresponde a banco, banquiños de vestiarios e perchas.

Tamén pregunta o Sr.Rivas Alvarez por un pago efectuado coa tarxeta “Solred” correspondente a combustible e pregunta se a ten o Concello, contestando o Sr.Castro Reigosa que o Concello ten varias.

Pregunta igualmente o Sr.Rivas Alvarez por outro Decreto relativo á instalación eléctrica nos vestiarios do campo de fútbol de A Devesa, preguntando se o fixo unha empresa externa , contestando que sí o Sr.Castro Reigosa.

Formula unha nova cuestión o Sr.Rivas Alvarez sobre a adquisición de bancos, percheiros, etc. para o Campo de Fútbol de A Devesa, por importe de 182 euros contestándose por parte do Sr.Concelleiro Delegado que foi o mesmo concepto , pero non veu completo no primeiro pedido , e se refire a un metro e medio de bancos e percheiros.

Refírese tamén o Sr.Rivas Alvarez a un Decreto que considera curioso, de pago de 1,62 euros, de suministro de enerxía eléctrica da Biblioteca Pública.

Por parte da Sra.Interventora da Entidade se explica que se trata dun abono de diferencias respecto a unha factura que fora por estimación.

O Sr.Rivas Alvarez tamén pregunta polo Decreto num. 900, correspondente ao pago de intereses de demora a Barras Eléctricas , e pregunta se é que non se paga.

Pola Sra. Interventora contéstase que foi unha factura que quedou de anos atrás e viñan reclamandoa , e houbo que pagala cos intereses.

Pregunta tamén o Sr.Rivas Alvarez sobre unha asistencia técnica en materia de Medio Ambiente efectuada por NOVOTEC cun importe de 3.000 euros da fase primeira de desenvolvemento do diagnóstico do Regulamento EMAS , e que supón que corresponderá a esto, sinalando que hai unha parte sola.

Por parte do Sr.Cupeiro Rodríguez, como Concelleiro Delegado se contesta que son 4 partes , e o Sr.Rivas Alvarez repregunta se vai con cargo a unha subvención e contéstase polo Sr.Cupeiro Rodríguez afirmativamente sinalando que é con cargo a unha subvención de 12.000 euros.

Pregunta tamén o Sr.Rivas Alvarez sobre os honorarios correspondentes a un proxecto da Escola de Santalla de Vilausende dunha empresa particular e pregunta se non se poido executar co equipo técnico municipal e sinalando que corresponde a Reverte Aparejadores S.L. e que é o Decreto 928.

O Sr.Alcalde contesta que iso é xa de fai un ano e pico e que se fixo no mandato anterior e que sería por algo.

O Sr.Rivas Alvarez dí que se é do mandato anterior, él como Concelleiro non estaba no Concello.

A continuación o Sr.Rivas Alvarez pasa a referirse a un Decreto de imposición de sanción a Mármoles y Granitos del Eo por infracción medioambiental en materia de contaminación acústica , e pregunta se se lle aplica a Ordenanza Municipal de Medio Ambiente, contestándose polo Sr.Alcalde que se aplicou a lexislación vixente , e toda vez que se pide o criterio de Secretaría polo funcionario intervinte se manifesta que ten a fundamentación xurídica que se contén na Resolución e é a que se aplicou.

De seguido o Sr.Rivas Alvarez pasa a referirse ao Decreto 947, a unha factura de Donapubli Galicia por confección de taboas de mareas e pregunta se é para a Praia de As Catedrais. Por parte do Sr.Alcalde se resposta que se viñan dando na Oficina de Turismo todos os anos e que vai ser o derradeiro ano que se faga, e que este ano se fixo por analogía con outros pero non se considera oportuno ese gasto no futuro para o Concello de Ribadeo e entende que ese diñeiro pode ser empregado en folletos turísticos ou noutros asuntos e que as táboas de mareas hoxe están nos periódicos, en Internet , e tamén as dan os bancos, e que lle da esa explicación aínda que non veña a conto , para o futuro, reiterando que este asunto data dos últimos anos.

O Sr.Rivas Alvarez a continuación se refire ao Decreto 964 que corresponde a un pago de 750 euros á empresa Folio Comunicação Global por un anuncio nun periódico portugués no “Jornal 1º de Janeiro”, e o Sr.Alcalde contesta que estimou interesante facer un anuncio do Concello para difundilo e que se tratou dunha reportaxe que se fixo pola Mariña e que ten varios exemplares e pode regalar un a cada grupo, e que ese periódico se dirixe mais ben hacia o Norte de Portugal.

Formula unha nova cuestión o Sr.Rivas Alvarez respecto ao Decreto 974 correspondente ao Regulamento EMAS por importe de 1.650 euros de seguimento, verificación e xestión de Auditorías ambientais, e pregunta se ten que ver cunha subvención.

O Sr.Cupeiro Rodríguez contesta que é unha Auditoria externa e non ten subvención porque en teoría son independentes , e as internas son gratuítas e as externas son de pago.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez tamén se pregunta sobre un Decreto que aproba o gasto dun xantar dunha empregada municipal con representantes de FEVE, para as excursións de Ribadeo Porta Norte e pregunta se foi un funcionario en representación do Concello.

O Sr. Alcalde lle contesta que haberá que mirar na factura , pero foron representantes de FEVE e da Deputación Provincial e a Técnico de Desenvolvemento Local , que estivo na esencia da organización , e o Alcalde non puido asistir ao xantar e a modo de deferencia convidaron a xantar a esas persoas , e que pensa que foi unha iniciativa importante.

O Sr. Alcalde díç asimesmo que viñeron case catrocentas persoas durante os fins de semana a Ribadeo e foron asturianos, cántabros e vascos e que considera que foi unha boa opción de desestacionalización e agarda que se repita.

O Sr. Rivas Alvarez pola súa parte dí que considera que é unha boa xestión pero que debe representar ao Concello alguén da Corporación e non un funcionario.

O Sr. Alcalde lle contesta que no seu Grupo son poucos e ás veces teñen que delegar en funcionarios.

Pregunta tamén o Sr. Rivas Alvarez polos Decretos 944, 945 e 946 de placas de voda gravadas. Polo Sr. Alcalde se lle explica que hai unha taxa que foi aprobada pola Corporación anterior e se fixaron cento e pico euros e que se empregan nunha placa da prata que se da aos matrimonios que se celebran no Concello.

O Sr. Rivas Alvarez a continuación pasa a preguntar por un pago de zahorra de 3.000 euros a Isidro Otero para o Campo de Fútbol de A Devesa.

Por parte do Sr. Castro Reigosa se contesta que foi para nivelar unha zona dos vestiarios por diante e por detrás.

Tamén pregunta o Sr. Rivas Alvarez por unha limpeza de cunetas con pala efectuada en Noceda e dí que lle chamou a atención e pregunta porqué non a efectuou a pala municipal.

O Sr. Castro Reigosa contesta que foi unha emerxencia , durante as inundacións e foron tres días e a pala municipal non era dabondo , e esa pala xa estaba ahí.

Formula asimesmo unha pregunta o Sr. Rivas Alvarez sobre traballos de albanelería no campo de fútbol de A Devesa por importe de 7.502 euros e pregunta se non os puido facer a brigada municipal de obras.

O Sr. Castro Reigosa contesta que se trata dunha obra con subvención feita pola modalidade de administración e que unha parte da obra a fan os operarios municipais e outra parte unha empresa , ante a precariedade de espazo e de tempo curto para xustificar a obra , e que o sistema de contratación permite ata un 50% de empresas externas.

Tamén o Sr. Rivas Alvarez pregunta por un Decreto de 24 de xuño de Resolución de discrepancias con reparos de Intervención sobre as nóminas de xuño de 2008 e manifesta que quere ver a parte do informe da Intervención.

Asimesmo o Sr. Rivas Alvarez pregunta por un Decreto que ordena o pago de 750 euros de mandar o Boletín Ribadeo Muller e se é so o envío, contestando a Sra. Alvarez Lastra, Delegada da Concellaría de Muller que foi o envío a todo o Concello, Vila e parroquias.

Tamén se interesa o Sr. Rivas Alvarez polo Decreto 1072 correspondente a un pago a EPTISA pola elaboración dunha volumetría de 5 zonas de solo urbano non consolidado, en 3D e que tivo un custo de 6.175 euros e pregunta para que se utilizaron eses mapas.

O Sr. Alcalde contesta que foi para explicar aspectos do Plan Xeral dende unha ordenación en 3 dimensións, que foi unha representación virtual do que entre todos aprobaron.

Tamén pregunta o Sr. Rivas Alvarez polo Decreto 1100 correspondente a difusión por importe de 570 euros en Galicia Dixital.com a Interdix Galicia S.L. e pregunta que tipo de tema e se

foi publicidade en Internet. O Sr.Alcalde contesta que se trata de temas relativos ao Concello de Ribadeo a que esa páxina é unha referencia visitada , e hai mais Concellos de Galicia e que lle parece interesante estar ahí presente o Concello.

Intervén o Concelleiro do PSG-PSOE don Balbino Pérez Vacas que pregunta sobre o Decreto 1062 que corresponde a un pago de 820 euros á empresa Celta Prix, por recollida de enseres e traslado ao punto limpo, manifestando o Sr.Concelleiro que non e a cuestion do importe senon que quere saber se hai un novo convenio con esta Empresa.

Por parte do Sr.Cupeiro Rodríguez, como Concelleiro Delegado de Medio Ambiente se contesta que para levar os voluminosos se utilizaba a empresa REROMAS como se fixo sempre, pero considerou que REROMAS estaba cobrando de xeito excesivo , incluso por cousas que non hai que pagar , entón decidiu contratar a Celta Prix para levar os voluminosos e deuxe de baixa con REROMAS e colleu a Celta Prix, para o mesmo que se facía con REROMAS pero por menor cantidade.

O Sr.Pérez Vacas volta a preguntar se hai un contrato con Celta Prix e o Sr.Cupeiro Rodríguez lle contesta que sí, reiterando a resposta positiva.

De seguido o Sr.Pérez Vacas pregunta polo Decreto 1083 por importe de 1.500 euros que ao parecer correspondeu aos xantares dunha Banda de Portugal e pregunta se eran moitos , respostándose pola Sra.Alvarez Lastra, como Concelleira Delegada, que non é unha Banda que é unha Escola de Música portuguesa de Mirandela e que é un intercambio que houbo, e que foron sobre 150 persoas e corresponde aos xantares no Centro da Terceira Idade.

A continuación pregunta o Sr.Pérez Vacas sobre o Decreto correspondente á contratación dun Auxiliar Administrativo para prorrogar a exposición do Plan cun informe desfavorable de Intervención e que , aparte da xustificación que da ten que ratificarse pola Xunta de Portavoces.

O Sr.Alcalde lle contesta , e que lle corrixa o Secretario se é doutro xeito, pero non dí cando ten que se-la Xunta de Portavoces e que na seguinte convocatoria da Xunta de Portavoces levarase ese tema, pero para maior abundamento o Alcalde no uso da palabra seguiu o mesmo procedemento que o Alcalde anterior para a exposición pública.

O Sr.Pérez Vacas contéstalle que co anterior Alcalde non houbo prórroga de exposición e por parte do Sr.Alcalde se prosegue afirmando que se para a prórroga dun mes mais tiña que facerse contratación *ex novo* tardarían de 15 a 20 días para algo que tiña que ser inmediato e optaron por unha prórroga dun mes mais para non deixar a Oficina de Turismo desatendida.

O Sr.Pérez Vacas pola súa parte manifesta que eso foi o que non fixo o anterior Alcalde, o de prorrogar por un mes e non pasar pola Xunta de Portavoces.

O Sr.Alcalde á súa vez contéstalle que o anterior Alcalde non tiña Xunta de Portavoces e ademais non houbo lugar a unha prórroga do avance.

Intervén a Sra.Alvarez Lastra que manifesta que quere aclarar respecto a Escola de Mirandela , que non foi un xantar único senon que foi a comida do fin de semana e que está todo no proxecto e que foi de venres a domingo.

O Sr.Pérez Vacas dí que lle parece correcta a explicación pero pide que se poña nos Decretos porque calculou que podían ser 50 os integrantes da Escola e no Centro da Terceira idade 1.500 euros non lle cadraban.

Tras da deliberación reseñada dase por cumprido o trámite de dación de conta das Resolucións epigrafiadas.

2008/03/50.-DACIÓN DE CONTA DO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO DE FOMENTO E ESTE CONCELLO PARA A FINANCIACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE MELLORA DOS TRAMOS URBANOS DA REDE DE ESTRADAS DO ESTADO NO TERMO MUNICIPAL DE RIBADEO E TRANSFERENCIA DE TITULARIDADE DOS MESMOS.

Dase conta por Secretaría do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo de data 9 de xullo de 2008 que se transcribe de seguido:

“Dase conta por parte da Alcaldía - Presidencia do Convenio asinado entre o Ministerio de Fomento e o Concello para a financiación do proxecto de obras de mellora dos tramos urbanos da rede de estradas do Estado no termo municipal de Ribadeo e transferencia de titularidade dos mesmos así como da acta de cesión correspondente.

Polo Sr.Alcalde se explica que se cederon ao Concello aproximadamente 4,6 kms.e que no Convenio se prevé un compromiso de financiamento de 1.025.969,39 euros , que se desglosa en dúas anualidades correspondendo ao 2009 , 307.790, 82 euros e ao 2010, 718.178, 57 euros.

Tamén se informa na Comisión de que se ten que enviar o proxecto que se elabore para supervisión do Ministerio e faise referencia ao prazo de seis meses para a súa presentación de conformidade co disposto na cláusula 3ª.

Durante a deliberación que se produce por parte do Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular se fai entrega aos membros da Comisión como proposta do seu Grupo dun documento no que consta literalmente:

“O Ministerio de Fomento vai a facer entrega dos tramos da N-634 e da N.-642 que atravesan a Vila de Ribadeo.O Concello debe facer un proxecto nun prazo de seis meses por un importe de un millón de euros, que debe estar rematado no ano 2010 (trescentos mil euros a gastar no ano 2009 e o resto no 2010) Este proxecto debe ser presentado e aceptado por Fomento.

Dende o Grupo do Pp cremos que o concello debe facer un proxecto con coidado e ben estudado, para converter unha estrada de paso nunha rúa da Vila. Para conseguir esto será preciso:

- 1.Facer beirarrúas onde non as hai e ampliar as existentes, pero sempre tendo coidado de non eliminar aparcamentos.*
- 2.Poñer luminarias axietadas a unha rúa.*
- 3.Colocar mobiliario urbano (sen exceso, que os bandos non estorben ós viandantes).*
- 4. Soterrar os colectores do lixo.*
- 5.Facer elevados os pasos de peóns, sobre os do cruce coa rúa Vilalba e con Reinante.*
- 6.Como a rúa vai dende a Vilavella ata Dompíñor hai que conseguir que non se interrompa o tráfico de peóns en toda ela. Un punto conflictivo é a rotonda do Voar, polo que pedimos que se valore a posibilidade dunha actuación concreta como pode ser a construción dunha pasarela para peóns.*

Iniciase deliberación e durante a mesma valóranse as diferentes actuacións que poden levarse a cabo dentro do referido presuposto para os tramos cedidos polo Ministerio de Fomento.

A Comisión informativa dase por enterada do contido do Convenio para a posta en coñecemento do asunto ante o Pleno Municipal.”

Iniácese a deliberación sobre o asunto intervindo o Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que quere comentar respecto a dous puntos do escrito do Grupo Popular, o primeiro deles é que quere facer unha reflexión de que se se poñen luminarias axeitadas a unha rúa que non sexan como as da rúa San Lázaro, que denomina “as dos chinos”.

En relación ao soterramento que se propón de contenedores de lixo considera que está ben e que é un cambio cualitativo , pero naquelas cidades onde están instalados están dando problemas e pide que se pense na recollida neumática que dará menos problemas.

Por parte do Sr.Alcalde dí que se mirarán as súas propostas.

A Corporación, dase por enterada do contido da dación de conta epigrafiada.

2008/04/51.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN Á CARTA DE AALBORG + 10.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 9 de xullo de 2008 que se transcribe de seguido:

“Dase conta da proposta da Alcaldía obrante no expediente que se transcribe de seguido:

Pola Alcaldía- Presidencia, á vista de que a Carta das Cidades Europeas para a sustentabilidade ou Carta de Aalborg foi adoptada polos participantes na Conferencia Europea sobre Cidades e Poboacións Sostibles que se celebrou na cidade danesa do mesmo nome, baixo o patrocinio da Comisión Europea.

O Concello de Ribadeo adheriuse á citada Carta de Aalborg por acordo plenario de data 13 de maio de 2002.

A adhesión levaba aparelado o compromiso de avance no camiño do desenvolvemento sostible así como no da participación no proceso da Axenta 21 local que ten como obxecto crear e pór en práctica en cada comunidade un Plan de acción Local para a sustentabilidade.

Dez anos despois da referida firma, en xuño de 2004, celebrouse a Cuarta Conferencia Europea de Cidades Sostible tamén chamada a Aalborg + 10, na que se revisou a actuación desenvolvida polas autoridades locais en favor do desenvolvemento sostible nos 10 anos transcurridos.

Froito desa Conferencia é o compromiso “ Aalborg + 10 Inspiración para o futuro”, do que se achega copia e que é un documento que contén unha declaración a favor do desenvolvemento sostible ao que terán que adherirse os gobernos locais dos países europeos ratificando a visión común dun futuro sostible para as cidades proposta na Carta de Aalborg e asumindo novos compromisos.

Polo tanto o Concello de Ribadeo xa ven desenvolvendo diversas iniciativas en relación á consecución dun futuro sostible para Ribadeo, polo que a adhesión á AALBORG + 10 non supón senon unha continuidade dos compromisos e Plans de acción que xa se están desenvolvendo dende a sinatura da Carta de Aalborg e que forman parte das Políticas do Concello.

Aoi mesmo tempo en diversas Ordes da Consellería de Medio Ambiente se require que por parte do Concello se teña efectuada a adhesión á Carta de “Aalborg + 10” constituíndo un requisito para a obtención de axudas e para formar parte da propia Rede Galega de Concellos pola sustentabilidade.

Tendose efectuado unha petición por parte da Alcaldía con carácter previo a este Pleno, en execución do acordo do último Pleno de adhesión á Rede Galega de Sustentabilidade, nembargantes, considérase preciso que teña o refrendo explícito dun acordo corporativo, atopándose debidamente validada a adhesión referida á Aalborg + 10, polo que de conformidade coa previsión contida no artigo 21.1.k.da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases de Réxime Local e tendo actuado a Alcaldía por razóns de urxencia na petición formulada, propónse ao Pleno a adopción dos acordos seguintes:

Primeiro.- A adhesión do Concello de Ribadeo á Carta de Aalborg + 10 asumindo o contido do documento de inspiración para o futuro, nos propios termos do mesmo.

Segundo.- Ratificar a solicitude formulada con data 1 de xullo de 2008 explicitando que se efectúa a adhesión a Aalborg+10, e asumindo os compromisos da mesma.

Terceiro.-Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Sen promoverse mais deliberación por unanimidade en votación ordinaria acórdase ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno municipal a proposta da Alcaldía tal e como foi formulada.

Sen promoverse deliberación, polo Pleno municipal por unanimidade en votación ordinaria, acórdase, de conformidade coa proposta da Alcaldía:

Primeiro.- A adhesión do Concello de Ribadeo á Carta de Aalborg + 10 asumindo o contido do documento de inspiración para o futuro, nos propios termos do mesmo.

Segundo.- Ratificar a solicitude formulada con data 1 de xullo de 2008 explicitando que se efectúa a adhesión a Aalborg+10, e asumindo os compromisos da mesma.

Terceiro.-Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

2008/05/52.-PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACORDO DO PLENO DA CORPORACIÓN DE ADHESIÓN AO PROXECTO DE IMPLANTACIÓN DUN NÚCLEO DE SOSTIBILIDADE EN RIBADEO, DE CONFORMIDADE COA ORDE DE 11 DE XULLO DE 2008 POLA QUE SE CONVOCA E REGULA O RÉXIME DE CONCESIÓN DE AXUDAS DESTINADAS A CONCELLOS DE GALICIA PARA A IMPLANTACIÓN DUN NÚCLEO DE SOSTIBILIDADE NOS SEUS TERRITORIOS.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de 9 de xullo de 2008 que se transcribe de seguido:

“Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía-Presidencia á vista da Orde epigrafiada e da documentación preparada pola Concellaría Delegada de Medio Ambiente,

PROPONSE ao Pleno municipal a adopción dun acordo unánime de adhesión ao proxecto de implantación dun núcleo de sostibilidade cos seguintes compromisos:

a)Compromiso de levar a bo fin a implantación dun núcleo de sostibilidade na Entidade Local contando coa colabouración da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

b)Adhesión á Carta de Aalborg +10.

c)Compromisos procedentes en relación á Axenda 21 local e Axenda 21 escolar así como de facilitar e promocionar no Concello a participación pública neste proceso.

d)Compromiso de creación e financiación dunha Axencia Local de sustentabilidade e a súa dotación material.

e)Compromiso de dotación e financiación durante o período de vixencia da Orde do persoal necesario para o funcionamento da Axencia Local de sustentabilidade mediante a Oferta pública de Emprego para proceder á selección dun titulado superior.”

Iníciase a deliberación intervindo o Concelleiro de Medio Ambiente don Horacio Cupeiro Rodríguez que procede a efectuar unha explicación do proxecto manifestando que había que adoptar unhas compromisos entre eles a adhesión a Carta de Aalborg + 10, compromiso de colaboración na Axenda 21 local e escolar, crear e financiamento dunha Axencia Local de sostibilidade, compromiso de dotar o persoal necesario e coa selección previa oferta de emprego público dun titulado superior.

Por parte do Sr. Concelleiro Delegado se explica á Comisión informativa a convocatoria e os principais elementos do proxecto que vai presentarse e fai referencia expresa a que se pensa poñer paneis solares na piscina municipal e fai referencia a diversas actividades previstas no proxecto que se vai presentar.

Fai referencia igualmente a que desaparece a previsión inicial de limpeza do monte de Sta. Cruz e outra actuación para ser substituídas por unha guía para os Colexios e unha actuación en materia de mobilidade sostible, xa que teñen maior puntuación.

Explica o Sr. Concelleiro delegado que hai en Galicia 7 núcleos de sostibilidade e que se trata de crear outros 5, e que considera que ter un técnico é necesario como teñen a maioría dos Concellos, para que poideran axudar ao Concelleiro Delegado, e que en síntese esa é a proposta que formulan.

O Sr. Alcalde pasa a referirse explicitamente á proposta de paneis solares para a piscina, toda vez que a referida instalación se atopa baixo o réxime de concesión administrativa, explicándose por Secretaría que se derivaría da instalación, un desequilibrio económico do cadro da concesión a favor do Concello, que deberá ser obxecto da correspondente compensación, debendo repercutir favorablemente para o Concello.

O Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular pregunta se lle contrataron este proxecto a NOVOTEC pero agarda que non cobren moito porque o seu contido en grande medida é de “copiar e pegar” e cousas que figuran ahí xa levan anos analizadas no Concello.

O Sr. Cupeiro Rodríguez dí que confía en que non lles cobren nada.

Manifestan os señores portavoces dos Grupos Municipais de PSOE e UPRI que os seus grupos se reservan para o Pleno, contabilizándose, polo tanto como abstención.

A Comisión, por catro votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG e do PP) e tres abstencións (dos membros dos Grupos municipais do PSG-PSOE e UPRI) acorda ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno municipal a proposta da Alcaldía do xeito que foi formulada.”

Iníciase a deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que xa anunciou que van a votar a favor, e que non podía ser doutra maneira xa que hai un proxecto e que o proxecto será mellorable, e no transcurso do tempo se poden cambiar iniciativas e que lles parece ben, e reitera que tendo o proxecto diante vai contar con todo o seu apoio.

Intervén a continuación o Sr. Pérez Vacas que dí que é unha iniciativa que require maioría absoluta, -corrixíndose posteriormente e manifestando que require unanimidade - pero que non vai deixar de tela por parte do PSOE pero cree que ten pouco de premeditación, e que é un proxecto pouco elaborado, e que considera que neste coincide co PP, e sen que serva de precedente, pero que é un pouco de “recorta e pega” e reitera que o considera pouco elaborado para competir cos que se presenten para obter esa implantación xa que so vai haber cinco para toda Galicia, e resulta difícil pero por parte do PSOE non vai quedar.

Por parte do Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular se sinala que xa se manifestaron a favor na Comisión informativa e que polo tanto vai manter a súa posición.

Intervén a continuación o Sr.Cupeiro Rodríguez como Concelleiro Delegado de Medio Ambiente que manifesta que é efectivamente mellorable e vaise mellorar porque o que se fixo foi por un tramite de urxencia e lóxicamente pode ser obxecto de melloras o envoltorio do que é o proxecto, aínda que os temas concretos están claros cales van ser, e por outra banda sobre a pregunta sobre se ía ter un custo dixo que lle parecía que ía ser gratuito, pero agora pode garantir que o vai ser porque dentro dos doce mil euros que teñen de subvención, NOVOTEC vai facer o proxecto gratuitamente.

Por parte do Sr.Alcalde se conclúe o debate manifestando que quere agradecer a todos os grupos , xa que ten que ser un acordo unánime e é a primeira vez que se pide isto nunha convocatoria, e que a certa crítica tamén a asumiu e o proxecto poder ser mellorado, pero o tempo foi curto e en todo caso gostaríalle que o que se diga non teña xa como un anticipado de que non llo van a dar e descoñece se llo van a dar ou non , que son cinco para todo o país e gostaríalle que non fora un preludio de que non llo van a dar, argumentando que o proxecto non é que non sexa bo e cre que é moi bo ademais, e que dirá a Consellería de Medio Ambiente.

Tras da deliberación polo Pleno Municipal, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

1º. A adopción dun acordo unánime de adhesión ao proxecto de implantación dun núcleo de sostibilidade cos seguintes compromisos:

a)Compromiso de levar a bo fin a implantación dun núcleo de sostibilidade na Entidade Local contando coa colabouración da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

b)Adhesión á Carta de Aalborg +10.

c)Compromisos procedentes en relación á Axenda 21 local e Axenda 21 escolar así como de facilitar e promocionar no Concello a participación pública neste proceso.

d)Compromiso de creación e financiación dunha Axencia Local de sustentabilidade e a súa dotación material.

e)Compromiso de dotación e financiación durante o período de vixencia da Orde do persoal necesario para o funcionamento da Axencia Local de sustentabilidade mediante a Oferta pública de Emprego para proceder á selección dun titulado superior.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

2008/06/53.-EXPEDIENTE DE PETICIÓN DE AREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL PARA RINLO.

Dase conta por Secretaría do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo que se transcribe de seguido:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“PROPOSTA DA ALCALDIA DE PETICION DE AREA DE REHABILITACION INTEGRAL PARA RINLO(RIBADEO)

Pola Alcaldía-Presidencia á vista de que se ten efectuado durante o ano 2007 unha primeira actuación de rehabilitación de fachadas con pintado das mesmas no núcleo de Rinlo pero que compre, dadalas súas características e o seu valor urbanístico e pintoresco e paisaxístico, que se faga unha actuación integral que potencie os valores do propio núcleo tradicional de Rinlo

que constitúe unha parte do patrimonio arquitectónico-cultural do Concello de Ribadeo e da Mariña Lucense,

Visto o disposto na Circular 4/2007, de 4 de maio de 2007 da Consellería de Vivenda e Solo, sobre o procedemento para a declaración de Areas de Rehabilitación Integral e tramitación dos expedientes de axudas.

Vista a documentación existente e en elaboración por parte da Oficina da Area de Rehabilitación Integral de Ribadeo para promover a creación dunha nova área de Rehabilitación Integral para Rinlo.

PROPONSE ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

1º. Aprobar a delimitación do ámbito da Area de Rehabilitación Integral de Rinlo, como proposta á Consellería de Vivenda e Solo.

2º. Solicitar a declaración da Area de Rehabilitación Integral para ese ámbito.

3º. Solicitar acollerse ás axudas previstas para Areas de Rehabilitación Integral segundo o disposto no Real Decreto 801/2005, de 1 de xullo e na normativa autonómica que o desenvolve.

4º. Solicitar se é o caso a exención , prevista no artigo 58.4 do R.D. 801/2005, de 1 de xullo de cumprí-las limitacións establecidas relativas a metros cadrados computables para o cálculo do orzamento protexido, niveis de ingresos familiares dos solicitantes das axudas e antigüidade mínima dos edificios.

5º. Solicitar a sinatura dos pertinentes acordos coa Consellería de Vivenda e Solo e o Ministerio de Vivenda para a realización e financiamento das actuacións de rehabilitación e de urbanización na dita área.

6º. Autorización ao Alcalde-Presidente para que solicite a devandita declaración da Area e para asinar ditos acordos.

7º. Facultar á alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Iníciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr.Alcalde que tras da lectura da Proposta manifesta que despois de ter acometido o pintado de fachadas considera que deben aproveitarse as axudas e que existe un certo afán de rehabilitación espontánea por parte dos veciños e que a actuación no núcleo de Rinlo sempre foi unha teima das Corporacións, e que verbalmente existe unha posibilidade e polo tanto propón que se adopten os acordos correspondentes sinalando que afectará ao ámbito do núcleo tradicional.

Manifesta igualmente o Sr.Alcalde que houbo unha boa acollida ao pintado de fachadas pero que é boa cousa tutelar dende o punto de vista urbanístico, de decoro, etc. a través dunha área de rehabilitación e con fondos públicos do Ministerio e da Xunta e privados.

Fai referencia igualmente o Sr.Alcalde a unha serie de documentación que está en elaboración e que está intentando levar adiante dende a oficina do ARI e senon terá que encargalo fora a EPTISA ou a outra consultora.

Non ten constancia de que vaia ser subvencionada a redacción desta documentación e é a mesma que se fixo fai 8 ou 9 anos para o ARI do casco vello .

Manifesta tamén que a delimitación desta ARI é a da aprobación inicial do 2001 e do 2008 e que é a do núcleo tradicional que non ten nada que ver co ámbito de expansión é dicir que é o mesmo ámbito que serviu para o pintado de fachadas.

O Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista manifesta que se reservan para o Pleno, o que se contabiliza como abstención.

O Sr. Reimondez Gancedo manifesta o criterio favorable o Grupo Municipal de UPRI.

Por parte do Sr. Rodríguez Andina, do Grupo Municipal Popular se pregunta á Alcaldía se van existir tamén actuacións públicas ou so privadas e pide que antes da sesión do Pleno se aclare esta cuestión así como sobre se é preciso adoptar mais acordos en relación á continuidade da Área de Rehabilitación de Ribadeo.

O Sr. Rodríguez Andina pregunta se esa Orde das ARIS non afecta a Ribadeo e se procederá ou non cando se pida a ARI de Rinlo, pedir novamente para Ribadeo ou se é que Ribadeo xa está para moitos anos.

Polo Sr. Alcalde contéstase que non sabe se Ribadeo está con carácter indefinido ou ata que se remate cos convenios asinados, manifestando que está no 6º Convenio.

O Sr. Rodríguez Andina pide ao Sr. Alcalde que se mire se son prorrogables e sinala que hai que estudar a cuestión non vaia ser que pidan un ARI para Rinlo en base a unha Orde e non se pida a prórroga do ARI de Ribadeo.

Incidentalmente por Secretaría se explica o contido da norma que ampara a petición para Rinlo e que deberá instrumentalizarse posteriormente mediante convenios.

O Sr. Rodríguez Andina reitera a súa petición de que se mire se se está en prazo para Ribadeo.

Igualmente o Sr. Rodríguez Andina pregunta á Alcaldía se a proposta que se efectúa é para obra pública e privada ou so privada ou como.

Por parte do Sr. Alcalde se sinala que en principio é so para obra privada e por Secretaría se manifesta que a proposta vai xenérica conforme á norma reguladora.

Deliberase no seo da Comisión sobre esta cuestión, manifestándose durante a mesma polo Sr. Alcalde que o plantexamento vai aberto e polo Sr. Rodríguez Andina que no privado non hai aportación municipal e que polo tanto a pregunta vai por aí.

Por parte do Sr. Pérez Vacas se pregunta se non habería que incluír partida presupostaria no presuposto de 2008 se hai investimento público.

Polo Sr. Alcalde contéstase que en relación coas cuestións que se suscitan que non ten neste momento un coñecemento técnico pero que dende a Comisión ata o Pleno se informará de se é imprescindible que exista dende o primeiro momento a inversión pública; que considera que non estará o convenio no ano 2008 porque hai que aprobar a ARI para Rinlo, asinar os convenios, etc. e os deste ano 2008 entende que xa foron asinados fai unhas meses para todos os Concellos e que logo non hai máis bloques nin intermedios e pensa que non será para mañá mesmo.

Por parte do Sr. Rodríguez Andina manifesta que teñen que sabelo porque son connotacións distintas, de aquí á sesión plenaria e polo tanto anuncia a abstención do seu Grupo.

De seguido por tres votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG e UPRI) e catro abstencións (dos membros dos Grupos Municipais do Partido Popular e Socialista) ditáminase favorablemente a proposta da Alcaldía nos termos da mesma para a súa aprobación polo Pleno municipal, adoptándose os acordos seguintes:

1º. Aprobar a delimitación do ámbito da Área de Rehabilitación Integral de Rinlo, como proposta á Consellería de Vivenda e Solo.

2º. Solicitar a declaración da Área de Rehabilitación Integral para ese ámbito.

3º. Solicitar acollerse ás axudas previstas para Areas de Rehabilitación Integral segundo o disposto no Real Decreto 801/2005, de 1 de xullo e na normativa autonómica que o desenvolve.

4º. Solicitar se é o caso a exención , prevista no artigo 58.4 do R.D. 801/2005, de 1 de xullo de cumprí-las limitacións establecidas relativas a metros cadrados computables para o cálculo do orzamento protexido, niveis de ingresos familiares dos solicitantes das axudas e antigüidade mínima dos edificios.

5º. Solicitar a sinatura dos pertinentes acordos coa Consellería de Vivenda e Solo e o Ministerio de Vivenda para a realización e financiamento das actuacións de rehabilitación e de urbanización na dita área.

6º. Autorización ao Alcalde-Presidente para que solicite a devandita declaración da Area e para asinar ditos acordos.

7º. Facultar á alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.”

Iníciase a deliberación na que por aprte da Alcaldia se fai unha sucinta exposición do asunto e por Secretaría se explica a petición da Alcaldía a consulta efectuada polo ARI que ten emitido informe escrito , que obra no expediente , respecto ás dúas cuestións que se debatiron na Comisión Informativa.

Por parte do Sr.Pérez Vacas se manifesta que polo tanto non fai falta consignar partida e anuncia o seu voto a favor e o Sr.Alcalde lle contesta que entende que non fai falta esa consignación.

O Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI se manifesta igualmente a favor.

O Grupo Municipal do Partido Popular, unha vez resoltas as dúbidas, manifesta tamén o seu criterio favorable.

O Sr.Alcalde explica que é unha boa noticia para todos , e especialmente para os veciños de Rinlo , e que irá informando a Corporación de todos os trámites e que se mandará a Consellería de Vivenda e se elaborará unha documentación que na súa maioría será elaborada pola Oficina Técnica da ARI, e terá que facerse un estudio do casco tradicional de Rinlo e cunha serie de documentación técnica , algunha certamente complexa e se non chega coa Oficina da ARi cunha empresa técnica , mesmo coa que fixo o Plan ou outra, e con eso se presentará e ira informando e que non será para o mes que ven, e que é un primeiro paso.

De seguido polo Pleno Municipal, por unanimidade dos seus membros, en votación ordinaria acórdase:

1º. Aprobar a delimitación do ámbito da Area de Rehabilitación Integral de Rinlo, como proposta á Consellería de Vivenda e Solo.

2º. Solicitar a declaración da Area de Rehabilitación Integral para ese ámbito.

3º. Solicitar acollerse ás axudas previstas para Areas de Rehabilitación Integral segundo o disposto no Real Decreto 801/2005, de 1 de xullo e na normativa autonómica que o desenvolve.

4º. Solicitar se é o caso a exención , prevista no artigo 58.4 do R.D. 801/2005, de 1 de xullo de cumprí-las limitacións establecidas relativas a metros cadrados computables para o cálculo

do orzamento protexido, niveis de ingresos familiares dos solicitantes das axudas e antigüidade mínima dos edificios.

5º. Solicitar a sinatura dos pertinentes acordos coa Consellería de Vivenda e Solo e o Ministerio de Vivenda para a realización e financiamento das actuacións de rehabilitación e de urbanización na dita área.

6º. Autorización ao Alcalde-Presidente para que solicite a devandita declaración da Area e para asinar ditos acordos.

7º. Facultar á alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

De seguido e sendo as 20 horas e 45 minutos abandona a sesión o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular, non reintegrándose á mesma.

2008/07/54.-EXPEDIENTES DE LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Urbanismo e Obras de data 9 de xullo de 2008 que se transcribe de seguido:

“Dase conta dos expedientes de licenzas de primeira ocupación que se relacionan e que son ditaminados favorablemente, por unanimidade, para a adopción do acordo correspondente polo Pleno Municipal de acordo coa delegación efectuada a favor deste Organo pola Alcaldía-Presidencia:

1. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR MITI Y ORA S.L.U. PARA APARTAMENTOS TURÍSTICOS EN RÍO PEQUENO, OVE, RIBADEO.

Expediente nº 2008/11 tramitado a instancia de Miti y Ora, S.L.U. , CIF: B 27320878 interesando **licencia de primeira ocupación** para apartamentos turísticos construídos en Río Pequeno, 2 Ove (Riadeo) ao abeiro da licenza municipal de obras e de actividade outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 17.07.2006, expediente número 2005/252.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 12 de xuño de 2008.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

2. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR ANNE RIGBY LESLEY PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN VILELA, COVELAS. RIBADEO.

Expediente nº 2008/08 tramitado a instancia de Anne Rigby Lesley, Documento X 1874479-W interesando **licencia de primeira ocupación** para vivenda unifamiliar construída en Vilela-

Covelas (Ribadeo) ao abeiro da licenza municipal de obras concedida pola Xunta de Goberno Local en data 21 de maio de 2001, expediente número 2001/136.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 30 de xuño de 2008.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupación polo Pleno municipal.

3. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR JUAN CARLOS GAYOSO RODRIGUEZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN A TORRE, VILASELAN.

Expediente nº 2008/12 tramitado a instancia de Juan Carlos Gayoso Rodríguez, DNI-NIF 30643186-X interesando **licencia de primeira ocupación** para vivenda unifamiliar construída en A Torre, Vilaselán (Ribadeo) ao abeiro da licenza municipal de obras concedida pola Xunta de Goberno Local en data 19 de xullo de 1995.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 30 de xuño de 2008.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupación polo Pleno municipal.

4. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR MATIAS MARTINEZ RODRIGUEZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN SAN XILLAO, RIBADEO.

Expediente nº 2007/35 tramitado a instancia de D. Matías Martínez Rodríguez, DNI-NIF 76565191-P interesando **licencia de primeira ocupación** para vivenda unifamiliar construída en As Lombas, San Xillao (Vilaframil) en Ribadeo ao abeiro das licenzas municipais de obras concedidas pola Xunta de Goberno Local en data 29 de marzo de 1992 e 13 de maio de 2008 (expte. núm. 2008/14).

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 30 de xuño de 2008.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupación polo Pleno municipal.

5. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR CONSTRUCCIONES OS MOLINEROS, S.L., PARA EDIFICIO EN AVDA. ROSALIA DE CASTRO-CALVO SOTELO, FASE II. RIBADEO.-

Expediente nº 2008/10 tramitado a instancia de Construcciones Os Molineros, S.L., CIF B 27296011 interesando **licencia de primeira ocupación** para edificio construído nas rúas Avda.Rosalía de Castro - Leopoldo Calvo Sotelo y Bustelo con data 21 de xullo de 2004, expediente 2004/146. (Fase II)

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 30 de xuño de 2008.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.”

Por parte do Sr.Rivas Alvarez se pregunta se teñen todos os informes favorables de Secretaría e do técnico municipal e contéstaselle que sí.

De seguido polo Pleno municipal por unanimidade dos seus membros, acordase en relación a cada un dos expedientes a adopción dos acordos que seguen:

1. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR MITI Y ORA S.L.U. PARA APARTAMENTOS TURÍSTICOS EN RIO PEQUENO, OVE, RIBADEO.

Expediente nº 2008/11 tramitado a instancia de Miti y Ora, S.L.U. , CIF: B 27320878 interesando **licencia de primeira ocupación** para apartamentos turísticos construídos en Río Pequeno, 2 Ove (Riadeo) ao abeiro da licenza municipal de obras e de actividade outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 17.07.2006, expediente número 2005/252.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 12 de xuño de 2008.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

O Pleno municipal , por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e outorgar licenza de 1ª ocupación para o edificio en cuestión.

2. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR ANNE RIGBY LESLEY PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN VILELA, COVELAS. RIBADEO.

Expediente nº 2008/08 tramitado a instancia de Anne Rigby Lesley, Documento X 1874479-W interesando **licencia de primeira ocupación** para vivenda unifamiliar construída en Vilela-Covelas (Ribadeo) ao abeiro da licenza municipal de obras concedida pola Xunta de Goberno Local en data 21 de maio de 2001, expediente número2001/136.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación

rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 30 de xuño de 2008.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

O Pleno municipal , por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e outorgar licenza de 1ª ocupación para o edificio en cuestión.

3. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR JUAN CARLOS GAYOSO RODRIGUEZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN A TORRE, VILASELAN.

Expediente nº 2008/12 tramitado a instancia de Juan Carlos Gayoso Rodríguez, DNI-NIF 30643186-X interesando **licencia de primeira ocupación** para vivenda unifamiliar construída en A Torre, Vilaselán (Ribadeo) ao abeiro da licenza municipal de obras concedida pola Xunta de Goberno Local en data 19 de xullo de 1995.

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 30 de xuño de 2008.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

O Pleno municipal , por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e outorgar licenza de 1ª ocupación para o edificio en cuestión.

4. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR MATIAS MARTINEZ RODRIGUEZ PARA VIVENDA UNIFAMILIAR EN SAN XILLAO, RIBADEO.

Expediente nº 2007/35 tramitado a instancia de D. Matías Martínez Rodríguez, DNI-NIF 76565191-P interesando **licencia de primeira ocupación** para vivenda unifamiliar construída en As Lombas, San Xillao (Vilaframil) en Ribadeo ao abeiro das licenzas municipais de obras concedidas pola Xunta de Goberno Local en data 29 de marzo de 1992 e 13 de maio de 2008 (expte. núm.2008/14).

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 30 de xuño de 2008.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

O Pleno municipal , por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e outorgar licenza de 1ª ocupación para o edificio en cuestión.

5. LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN SOLICITADA POR CONSTRUCCIONES OS MOLINEROS, S.L. , PARA EDIFICIO EN AVDA. ROSALÍA DE CASTRO-CALVO SOTELO, FASE II.RIBADEO.-

Expediente nº 2008/10 tramitado a instancia de Construcciones Os Molineros, S.L., CIF B 27296011 interesando **licencia de primeira ocupación** para edificio construído nas rúas Avda.Rosalía de Castro - Leopoldo Calvo Sotelo y Bustelo con data 21 de xullo de 2004, expediente 2004/146. (Fase II)

Achegase certificado final de dirección de obra debidamente cumprimentado e visado polos colexios oficiais de Arquitectos e aparelladores, fotografías exxteriores coa edificación rematada e pintada, xustificante da alta no IBI, xustificante do pagamento das taxas correspondentes e demais documentación procedente.

Consta informe favorable emitido polo arquitecto municipal con data 30 de xuño de 2008.

A Comisión de Urbanismo, por unanimidade dos seus membros, á vista da documentación aportada e informe técnico indicado, acorda ditaminar favorablemente este expediente para a aprobación e outorgamento de licenza municipal de 1ª ocupacion polo Pleno municipal.

O Pleno municipal , por unanimidade dos seus membros, acorda prestar aprobación ao ditame de referencia e outorgar licenza de 1ª ocupación para o edificio en cuestión.

2008/08/55.- MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR SOBRE TARIFAS DE ENERXÍA ELÉCTRICA.

Por parte do Sr.López Penabad do Grupo Municipal do Partido Popular procédese á lectura da Moción epigrafiada que se transcribe literalmente:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ministro de Industria, Turismo e Comercio, Miguel Sebastián, vén de anunciar na Comisión de Industria do Congreso dos Deputados a aplicación a partir do próximo 1 de xullo da denominada tarifa eléctrica social”. Esta medida supón a creación dunha tarifa específica de “baixa potencia” pola que os usuarios cun subministro eléctrico contratado de ata 3 kilovatios non pagarán o chamado termo de potencia. Isto supón que a tarifa eléctrica social” se vinculará única e exclusivamente á potencia contratada e non estará vencellada proporcionalmente á renda dos consumidores.

No concello de, Ribadeo ao igual que o resto dos concellos da Galicia gandeira, os contadores dos fogares e das explotacións son únicos, nun 90% dos casos ou máis, co que de acordo co que vén de dicir o ministro, canto máis se consume máis se vai pagar. En consecuencia, un fogar de gandeiros vai pagar máis do que lle corresponderá por ter que soportar os equipos de muxido e de refrixeración do leite.

Esta situación que afecta ás explotacións familiares, non así ás industriais, agudizouse máis ao facerse efectiva tamén desde o 1 de xullo a desaparición da tarifa nocturna, posto que moitas explotacións gandeiras estaban funcionando con este tipo de tarifa.

A entrada en vigor da tarifa social vai supor unha nova e clara afrenta do Goberno central a Galicia interior, na que o sector agrogandeiro segue a ser un dos sectores productivos básicos da súa economía, inmersa nestes momentos xa nunha crise polo incremento substancial experimentado nos últimos meses no prezo do combustible.

Polas devanditas razóns, como concelleiro do Grupo Popular de Ribadeo, someto á consideración do Pleno da Corporación Municipal e dos grupos políticos municipais a adopción dos seguintes ACORDOS:

1.- Instar ao Ministerio de Industria a que rectifique e dea marcha atrás na súa intención de aplicar a denominada “tarifa social” e que introduza na nova regulación eléctrica algún tipo

de medida que contemple condicións vantaxosas para o sector agrícola-gandeiro, e que ao mesmo tempo axude a incentivar o reequilibrio territorial.

2.- No caso último de ser irrenunciable a aplicación da devandita tarifa, pedir ao Ministerio a que suba o límite de 3 a 5,5 kw para ensanchar a base de usuarios aos que lle será aplicable ou que as explotacións gandeiras familiares con contador único teñan unha tarifa especial.”

Iníciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Rivas Alvarez de UPRI que pregunta se ata 5,5 Kw., non van pagar e o Sr.López Penabad contesta que agora mesmo está que non pagarán ata 3, é dicir de 3 para abaixo e piden polo tanto que se amplíe e o Sr.Rivas Alvarez volta a preguntar se se refire ata 5,5 kw, contestando o Sr.López Penabad que sí.

A continuación intervén o Sr.Pérez Vacas que manifesta que como se dixo por activa e por pasiva , e unha mocion típica da maior parte dos concellos donde non governa o PP , e entende o Grupo Socialista que o Goberno de España está tratando en base ao interese xeral de crear as condicións vantaxosas para todo o que ven a representar a tarifa social, e que é unha Moción cunha carga demagóxica importante e pide o primeiro , e se o primeiro é imposible , e xa o recoñece a propia moción que é imposible, pide o segundo , e senon será o terceiro, e quere anunciar que o Grupo Socialista vai votar en contra.

Intervén o Sr.Alcalde que manifesta que non sabe se é demagóxica ou non a Moción , e como o BNG ten tamén mocions que se presentan noutros Concellos reclamando non exactamente eso , pero mais ou menos que o Ministerio de Industria cambie ese criterio , e aínda que non foi presentada esta Moción polo BNG , por coherencia van apoiala e debe dicir que a Consellería de Innovación e Industria foi o primeiro organismo de todo o Estado Español que alegou na Comisión Estatal de Enerxía do Ministerio contra este asunto en coherencia co sentido de voto no Senado e a través do Senador do BNG se presentou unha proposición non de lei , que foi aceptada pola maioría do Senado agás o Grupo do PSOE , co que demostra bastante falta de saber que non ten maioría absoluta, nese aspecto.

Prosegue sinalando o Sr.Alcalde que ao mesmo tempo o seu grupo vota en coherencia , porque no Parlamento Galego houbo un acordo unánime contra esa suba que non se está levando a cabo, e que é de competencia estatal, e polo tanto que non teñen problema por coherencia en votar a favor desta Moción.

De seguido por nove votos a favor (dos membros presentes dos Grupos municipais do BNG, PP e UPRI) e tres votos en contra (dos membros do Grupo Municipal do PSOE) aprobase a Moción epigrafiada , e acórdase:

1.- Instar ao Ministerio de Industria a que rectifique e dea marcha atrás na súa intención de aplicar a denominada “tarifa social” e que introduza na nova regulación eléctrica algún tipo de medida que contemple condicións vantaxosas para o sector agrícola-gandeiro, e que ao mesmo tempo axude a incentivar o reequilibrio territorial.

2.- No caso último de ser irrenunciable a aplicación da devandita tarifa, pedir ao Ministerio a que suba o límite de 3 a 5,5 kw para ensanchar a base de usuarios aos que lle será aplicable ou que as explotacións gandeiras familiares con contador único teñan unha tarifa especial.”

2008/09/56.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE UPRI SOBRE TRANSPORTE ESCOLAR GRATUÍTO PARA A GARDERÍA.

O Sr.Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI da lectura á moción epigrafiada que se transcribe literalmente:

“Antecedentes:

O Concello de Ribadeo ven sufragando os gastos do Transporte Escolar, para a Etapa de Educación Primaria e o Segundo Ciclo da Educación Infantil (3 a 5 anos) para @s alumn@s do casco urbano de Ribadeo do C.E.I.P. “Gregorio Sanz”, dende decembro de 2002.

Este servizo vense prestando sen cesar polos distintos gobernos sucesorios do Concello ó longo destes xa máis de cinco anos.

Aproveitando as boas relacións do actual goberno municipal coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e tendo en conta cos presupostos municipais para o presente exercicio están aínda pendentes de elaboración e de aprobación. E o momento de estende-lo servizo tamén para os nenos da Gardería Infantil de Ribadeo e para todo o Territorio Municipal tanién para as parroquias, no que atinxe a Etapa da Educación Infantil no seu Primeiro Ciclo de 0-3 anos, para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar dos pais e das nais dos cativos.

Tendo en conta ademais a actual situación económica, que cada vez máis esixe cos proxenitores traballen os dous membros

Serían beneficiarias, todas as familias con residencia lega no noso Concello con fill@s nesta idade escolar que o solicitasen nas oficinas municipais, xa para o vindeiro curso escolar 2008-09.

Solicitamos:

De cara a fomentar cas familias se censen no noso Concello e poder fixar poboación por enriba dos 10.000 habitantes de dereito, que por parte do Pleno da Corporación se adopte o seguinte acordo:

1º.- Solicitar a Vicepresidencia da Xunta de Galicia aporte a cuantía económica suficiente para por en marcha este servizo de Transporte Escolar gratuito na etapa da Educación Infantil de 0-3 anos.

2º.- Que o Concello de Ribadeo en todo caso garantise a posta en marcha do mencionado servizo para o inicio do vindeiro curso escolar 2008-09, ben aportando a cantidade necesaria para da-lo servizo (en parte ou na súa totalidade do custo do servizo).

3º.- Se adopten as medidas necesarias para incluír a partida correspondente no presuposto para poder acometer este gasto no presente exercicio (pendente de elaboración e aprobación) e seguintes.”

Iniciábase deliberación intervindo en primeiro lugar o propoñente da Moción que dí que cree que todos os Grupos teñen xa a Moción no seu poder , e que o que se pretende é que ese servizo que está prestando o Concello de Ribadeo xa para o colexio público se estenda á Gardería Infantil e que se sufraguen os gastos , e explica que presentan a Moción agora antes de que se elaboren os presupostos engadindo que contribúe a fixar poboación, e que entende que a situación económica para as familias non é do mais boiante e que todo o mundo sabe que a palabra máxica “crise” afecta a todos os fogares e as Administracións debe inclinarse en axudas sociais, e que cree que é unha das máis importantes que poden facilitar e cun custo que será non demasiado elevado para o que é.

Intervén o Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que manifesta que lles parece unha iniciativa interesante , e que a van apoiar, e que non sabe se está cuantificado canto pode representar para poder incluílo no presuposto en tanto non se recabe a axuda da Xunta , pero que o seu Grupo vai votar a favor.

Intervén a Sra.Sanjurjo Santar, do Grupo Municipal Popular que dí que en principio o Partido Popular vai votar en contra , porque cree que é unha Moción en búsqueda dun titular de prensa , e van votar en contra porque cree que unha Moción deste tipo debe ter unha investigación moi gorda detrás; que considera que ten que estudiarse quen demanda este servizo, para quen é , e que tipo de asentos deben poñerse nos vehículos para levar nenos de 0 a 3 anos e se vai haber algunha empresa que se faga cargo deste tipo de transporte, cantos cuidadores ten que ter esa empresa para facer o servizo e que horario para poder conciliar os

diferentes tipos de entrada e como se vai conseguir meter iso; prosegue a Sra. Sanjurjo Santar dicindo que non o ven claro, que é unha responsabilidade da Xunta, e desde o seu punto de vista como profesora xenera unha responsabilidade e pregunta cal é a que ten o Concello que asume este servizo se pasa algo; que xa sabe que é poñerse no malo pero son bebés de 0 a 3 anos e por todas estas cuestións o Grupo do Partido Popular vai votar en contra.

Intervén de seguido a Sra. Alvarez Lastra, Concelleira do Grupo Municipal do BNG que manifesta que como Concelleira de Educación en principio subscribe a maior parte de todo o que dixo a Sra. Sanjurjo Santar e que como profesional do ensino en primeiro lugar e despois porque o tramo de 0 a 3 anos é un tramo específico cunhas características particulares e que lle da moito medo a nivel de responsabilidade facerse cargo disto, pero o que sí quere deixar claro é que o Concello non sufraga na súa totalidade os gastos de que consta o transporte para o Colexio Gregorio Sanz; cada pai aportar ao mes ou cada neno que se vai transportar 22 euros e iso foi o que se pagou neste curso escolar e en ningún caso está sufragado na súa totalidade ese custo.

En segundo lugar manifesta a Sra. Alvarez Lastra que no servizo actual son nenos de 3 a 11 anos e teñen outras características distintas dos de 0 a 3 anos e dende o equipo de goberno o que lles preocupa é a pouca capacidade que teñen de conciliación da vida laboral e familiar e ter donde deixar os nenos nese tramo de idade e que o outro será como un complemento a maiores, como un servizo de benestar, pero os servizos básicos non os teñen garantidos a día de hoxe no Concello de Ribadeo e o básico e o fundamental foi o que se fixo días atrás, é dicir, intentar que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia traiga para Ribadeo outra Galescola, coa súa parte de ludoteca, posto que se trata de facer a conciliación da vida laboral e familiar.

A Sra. Alvarez Lastra tamén en relación á galescola con ludoteca proxectada sinala que lles é difícil neste momento facer as actividades do verán e teñen que utilizar o Colexio público como se fai con moitas actividades do Concello e duran o tempo que duran, e iso lles parece fundamental, e dende logo o que mais medo lle mete é a responsabilidade do Concello no desenvolvemento deste transporte escolar e que horarios se poña, xa que hai diferentes horarios de entrada e xa que logo unhas pais terían acceso ao servizo e outros non.

Conclúe a Sra. Concelleira sinalando que a gardería son servizos básicos e fundamentais e teñen que ter garantido iso, e logo irán a mais e que están mirando iniciativas pero deben insistir no básico, e en principio non van votar a favor os membros do Grupo Municipal do BNG.

Intervén o Sr. Rivas Alvarez, de UPRI, indicando que calquera dos tres (o Sr. Concelleiro no uso da palabra, a Sra. Sanjurjo Santar e a Sra. Alvarez Lastra) son docentes, e que falar de buscar titulares de prensa non lle parece o mellor camiño, porque todos saben de que falan.

Prosegue manifestando o Sr. Rivas Alvarez que en relación á investigación pode poñerse a facela na gardería, pero como comprenderá é un profesional do ensino, e se adica ao seu traballo, e que o que pide na Moción é simplemente que se solicite á Vicepresidencia da Xunta e que quen ten os medios para facer o estudio é o Concello, e non os dous Concelleiros de UPRI que son o Grupo, e que son persoas que se deben aos seus traballos para facer enquisas na gardería, ver quen demanda o servizo, pero piden que se instaure ese servizo porque se o Concello ten cartos para gastar noutras cousas tamén pode ter cartos para sufragar este servizo, e quere mencionar por certo, que hai autobuses adaptados e a empresa que está facendo a recollida dos cativos para o Colexio público lle dixo que tiña un autobús desas características, que os hai, e que a responsabilidade é a mesma que teñen de levar aos do Colexio Público, e que sería a mesma responsabilidade levalos á gardería infantil, e outra cousa é que se lle queira dicir que son mais pequenos, e que como profesional da ensinanza o sabe ben.

Prosegue manifestando en relación á pregunta de quen demanda ese servizo de facer unha enquisa e ver cantos pais están interesados e se resulta que non hai a demanda , pois é un servizo que se ofrece e non o queren, e pide que llo oferten , e que isa é a diferenza de ofertarllo ou non.

En relación á cuestión de cuidadores ou cuidadoras sinala o Sr.Rivas Alvarez que efectivamente o servizo adaptado terá o seu presuposto e asimesmo pode haber un horario en que entren a maioría dos nenos.

O Sr.Rivas Alvarez prosegue manifestando que ao principio do transporte público ao Colexio o sufragaba todo o Concello , e que respecto ao que se dí de que os servizos básicos non están cubertos , está de acordo en que farán falta mais prazas de gardería , pero deberá tratar de potenciarse as que teñen e se queren ter mais poboación asentada en Ribadeo teñen que dar mais servizos, teñen que dar un diferencial con respecto ao que teñen arredor e senon a xente non vai ter un atractivo diferente para vir asentarse a Ribadeo, sobre todo matrimonios xoves.

Conclúe o Sr.Rivas Alvarez sinalando que cree que a súa Moción a presentaron con humildade , e para que os pais e nais da gardería infantil teñan un servizo ao que doutra maneira non terían opción , e que o Concello ben podería facer un esforzo detraendo partidas, como se dixo antes, doutros gastos e fácilmente se podería sufragar este gasto, e co que se está a pagar por levar aos nenos do casco urbano ao Colexio público son 1.490 euros ao mes.

O Sr.López Pérez, do Grupo Municipal Socialista dí que quere facer unha pequena intervención indicando que estivo escoitando os razoamentos, e xa anunciaron que ían votar a favor, pero quere reiterar un pouco o asunto e comparte a proposta do Sr.Rivas Alvarez , porque eiquí se aprobaron auténticas Mocións que eran “brindis ao sol” e que recorda agora mesmo: a do Grupo Popular sobre a reparación da rúa Calvo Sotelo sen mais , sen ningún tipo de proxecto, sin consignación presupostaria, e se aprobou e votou a favor o Grupo Popular e o Bloque Nacionalista Galego , e votaron todos a favor , e lle parece que o Sr.Rivas Alvarez está no seu dereito de facer esta proposta e que o Concello se dirixa á Xunta para que estudie as posibilidades se as hai, e dicirlle que non porque pode haber riscos, e porque non se sabe canto vai costar, que tipo de asentos, e o propio Concello podería aprobar esa Moción e dedicarse a estudiala , e ao mellor non era viable e ao mellor o Sr.Rivas Alvarez o entendería perfectamente , agora de entrada dicir que non, lle parece un absurdo e un despropósito.

Intervén a continuación o Sr.Duarte Díaz do Grupo Municipal Popular que manifesta que como se nomeou por parte do Sr.López Pérez a cuestión da rúa Calvo Sotelo , que ninguén poida pensar que é porque o Sr.Duarte Díaz vive nela ; o Sr.López Pérez dille que non , e o Sr.Duarte Díaz á súa vez dí que él o pediu como calquera cidadán que vive en Ribadeo, e que porque viva alí non ten mais ou menos importancia , e que se lle pide ao Partido Popular que presente un proxecto para que se faga algo alí o Partido non ten porqué presentalo, contestándose polo Sr.López Pérez que o mesmo se pode dicir do Sr.Rivas Alvarez.

Deliberase entre o Sr.López Pérez e o Sr.Duarte Díaz manifestando este último que os votos do Pleno están repartidos e que cando unha Moción se aproba pois ten que ter sete votos.

O Sr.López Pérez manifesta que está de acordo pero que o caso da proposta do Sr.Rivas Alvarez é parecido , e que está de acordo tanto co da rúa Calvo Sotelo como co do transporte pedido polo Sr.Rivas Alvarez, e que se faga un estudio ou unha enquisa , e que non o vai facer o Sr.Rivas Alvarez.

O Sr.Alcalde intervén manifestando que o fai para pechar antes da votación intervindo nese momento o Sr.Rivas Alvarez que manifesta que pode haber un cambio de votación, que non sabe se o vai a haber , e que como a Sra.Sanjurjo Santar dixo que lle explicaran e o

Concelleiro no uso da palabra tentou de explicar o mais explícitamente esas preguntas que lle formularon.

A Sra.Sanjurjo Santar dí que as súas preguntas requirían unha explicación máis técnica , mencionando o número de cuidadores, por exemplo e reitera que lle parece unha cuestión moi complicada.

Retoma a súa intervención o Sr.Alcalde manifestando que cre que o que se demanda da Corporación enteira, unhas con mais responsabilidade que outras, é que creen e melloren os servizos , mais que facer servizos á carta de xeito elitista e un tanto irresponsable , e que cree que a ampliación das prazas que hai na gardería que se fixo por petición da Corporación instando á Vicepresidencia foi unha boa resposta , e se crearon 33 prazas que xa están cubertas, e que diante de imposibilidade de seguir ampliando ese edificio porque se encontra no ámbito do casco vello e non é posible ampliálo mais , de ahí que a Corporación dun xeito responsable pediu a construción dunha galescola e ahí debe valorar positivamente o voto de quen votou a favor, e anuncia que nas próximas semanas se poderá asinar o convenio correspondente e que iso vai permitir que nunha nova zona onde ademais cada vez hai mais poboación e pola poboación que se incrementa en Ribadeo é necesario e pertinente que haxa dous centros de gardería, educativos de 0 a 3 anos.

Que si se lle permite igual non dá o mesmo argumento que o Partido Popular que dicía que era de cara á galería , e o pode dicir doutra maneira e que é unha moción demagóxica, e que é unha temeridade plantexar que se poidan levar nenos dun ano nun transporte público , e mais que un cuidador debería levar un por neno, e lle parece que é algo absolutamente irrealizable; que ademais a gardería, aínda que hai na Corporación persoas que traballan nela e o horario de entrada é algo que distingue a este sector de educación dos outros e a liberdade para ir a levar e recoller aos nenos , a diferenza do ensino regulado de tres anos cara adiante e lle parece que sería limitar moito a conciliación da vida laboral e familiar.

O Sr.Alcalde reitera a argumentación das diferenzas de horarios de entrada e saída dos nenos e que lle parece irrealizable poder dar un servizo de atención e que lle parece que é algo absolutamente demagóxico e que non dubida da boa fe do Sr.Rivas Alvarez pero o seu Grupo (o do BNG) non deben entrar niso e polo tanto non van apoiar a Moción.

O Sr.Rivas Alvarez pola súa parte como propoñente da Moción manifesta en relación ao que se afirma da demagogia e temeridade , que este servizo se presta noutros Concellos e pide ao Alcalde que se entere primeiro , e logo fale con coñecemento, porque falar por falar si que é demagogia e reitera que é falar por falar.

Toda vez que tiña pedida a palabra o Sr.Castro Reigosa do Grupo Municipal do BNG, se lle concede polo Sr.Alcalde e manifesta que quere facer mención a certas contradicións na Moción , e que por un lado fálase de petición á Xunta, e se remata pedindo que se cree partida presupostaria e agora rematase dicindo que existe noutros Concellos e podía traer o estudio doutros Concellos o Sr.Rivas Alvarez , do custo e o dí por poñer un exemplo; prosegue a intervención do Sr.Castro Reigosa que manifesta tamén que a conciliación da vida laboral e familiar faise tendo o servizo de gardería para todos , e reitera que ahí é onde está, que todos os pais e nais teñan esa oportunidade e que en canto ao que coñece o Concelleiro no uso da palabra sobre o transporte público e pon o exemplo do transporte urbano para o Colexio público, está a cuestión do custo que podería supoñer xa que habería varios viaxes de ida e volta e no transporte escolar vai un asistente por vehículo e son dous e imaxínese o custo , e canto pode costar para a gardería.

Prosegue sinalando o Sr.Castro Reigosa que outra contradicción é que falaba das economías familiares e se as economías están fastidiadas , e considerar que este servizo se podería pagar exclusivamente o Concello ou a Consellería sen aportación dos pais parécelle que é pensar “cos pés”, e se non é así como realmente pensa irá mais en contra das economías familiares e machacaría mais o servizo as paupérrimas economías familiares.

O Sr.Rivas Alvarez á súa vez contéstalle que respecto o servizo de transporte escolar da Consellería de Educación pregunta se non o paga a Xunta de Galicia, e pregunta se non o paga a Consellería de Educación , e que o mesmo o pode facer a Vicepresidencia da Xunta , o mesmo que fai a Consellería de Educación , é poñer un servizo donde non o hai , e é unha cuestión tan sinxela como dicir canto costa o servizo e se non o pon ou pon unha parte os pais , xa non teñen que pagar e tan sinxelo como canto vai aportar a Xunta e o Concello, nada mais.

O Sr.Castro Reigosa dí que lle permita o Sr.Rivas Alvarez , que ten que correxilo, que o servizo de transporte urbano non o paga a Consellería de Educación, respostando o Sr.Rivas Alvarez que o urbano non , pero o das parroquias sí, e resposta á súa vez o Sr.Castro Reigosa que o concello non pon un peso para o transporte das parroquias, e o Sr.Rivas Alvarez dí que por eso mesmo podería pagar a Xunta o servizo para a gardería.

Intervén a Sra.Alvarez Lastra que menciona o caso dun bebé que se monte en Arante ás 9 da mañá e viaxe tres cuartos de hora ata chegar á gardería e terían que poñer tres liñas de autobuses. O Sr.Rivas Alvarez dí que depende e a Sra.Alvarez Lastra prosegue a súa intervención manifestando que ela ao seu fillo non o mete nese autobús.

A Sra.Alvarez Lastra pregunta que canto recorrido ten que facer un bebé dende que sae da parroquia de Arante ata que chega á gardería e o Sr.Rivas Alvarez pregunta que cantos bebés hai , e a Sra.Alvarez Lastra lle pregunta que cantas rotas, e pregunta ao Sr.Rivas Alvarez que sexan claros , e se é demagogia ou non é demagogia, ao que o interpelado resposta que en absoluto.

A Sra.Alvarez Lastra prosegue intervindo manifestando que o que non hai son prazas de gardería e menciona que as persoas que traballan na gardería teñene unha *ratio* excesiva polo tema da ampliación que se efectuou e que se ven e desexan para a prestación dun servizo con calidade , e que o que hai é que reclamar , e menciona que como nai coñece directamente a situación; fai referencia asimesmo a que hai unha profesional da gardería municipal (en relación á Concelleira Sra. Rodríguez Arca) que é traballadora da gardería e reitera que debe reclamarse e presionarse para que haxa persoal axeitado e que se cubran as baixas.

A Sra.Rodríguez Arca intervén manifestando que o servizo de transporte cree que o hai en garderías privadas , e a Sra.Alvarez Lastra manifesta que non o hai en garderías públicas , e que precisamente chamou á Delegada Provincial da Consellería e lle confirmou que non o hai en públicas.

O Sr.Rivas Alvarez pola súa parte dí que dixo que noutros Concellos.

A Sra. Alvarez Lastra pregunta ao Sr.Rivas Alvarez se están falando de ensino público ou privado , e éste contesta que están falando dun ensino público. A Sra.Alvarez Lastra nega a existencia deste transporte público para garderías e o Sr.Rivas Alvarez volta a referirse a que o Concello paga o transporte aos nenos de primaria do Colexio Gregorio Sanz e a Sra.Concelleira lle contesta que hai unha partida e que cada pai pon 22 euros e o Sr.Rivas Alvarez volta a preguntar se o Concello paga ou non paga.

O Sr.Rivas Alvarez conclúe que o que pide é o mesmo que se fai para o Colexio Gregorio Sanz , que se faga para a gardería , e a Sra.Alvarez Lastra lle dí que non son tramos educativos comparables.

O Sr.Alcalde conclúe dicindo que mais alá da cuestión económica o que subxace é se é conveniente que un bebé de oito meses ou dun ano e medio se dea unha volta polo Concello sen o seu pai ou un cuidador , e que habería que ter un cuidador para cada dous nenos e non sabe se eso é posible en Dubai ou nos Emiratos Arabes Unidos pero que dubida que aquí sexa así, e que en cuestións demagóxicas o seu Grupo non vai apoiar a Moción.

De seguido pásase a votación a Moción que obtén cinco votos a favor (dos membros dos Grupos municipais de PSOE e UPRI) e sete en contra (dos membros do Grupo Municipal do BNG e dos membros presentes do Grupo Municipal do PP), quedando rexeitada en consecuencia, polo Pleno municipal.

2008/10/58.- ROGOS E PREGUNTAS.

De seguido polo Sr.Reymondez Gancedo, do Grupo Municipal de UPRI se formula unha pregunta respecto ao aforro de enerxía , facendo mención a cal é o criterio que existe na Biblioteca Pública para ter encendida a calefacción e que no mes de xuño estivo a calefacción posta. A Sra.Alvarez Lastra contesta que non ten constancia e o Sr.Alcalde manifesta que o contestará , pero supón que se é así , que estarían facendo probas ou un arranxo ou que estaría estropeada, pero ninguén lle comentou absolutamente nada e podían estar arranxandoa se comentarllo que sería o mais normal.

O Sr.Reymondez Gancedo pide que a ver si se pode tomar algunha medida.

A continuación por parte do Sr.Reymondez Gancedo se formula o rogo de que se faga unha xestión en relación á limpeza das rotondas da praia de As Catedrais, Porto, etc.que corresponden a Fomento e pregunta se haberá forma de que a Alcaldía intervenía. O Sr.Alcalde contesta que sí que pode dar fe o Sr.Cupeiro Rodríguez de que o venres chamou e é a terceira vez que o fai, o vixilante de estradas do Estado , dicíndolle que é unha vergonza a situación das rotondas de Fomento, que a xente do pobo lles reprocha pedíndolles que fagan algo , pero xa se ve o caso que lles fan e non é cuestión de que o Concello se poña a desbrozar na competencia de Fomento, e que o argumento que lle dan é que os tractores están por Vilalba, pero se é así que subcontraten, que é unha imaxe lamentable, e o que non quere facer o Concelo é entrar coa brigada municipal nunha rotonda que é do Ministerio de Fomento.

Polo Sr.Alcalde se reitera que a última vez foi o venres que fixo a xestión.

O Sr.Reymondez Gancedo a continuación pasa a preguntar se faloron coa Deputación en relación aos accesos ás Catedrais , Vilela, algunhas pistas de Os Castros, etc.

O Sr.Alcalde contesta que hai un mes faloron por todos os tramos de ámbito provincial co Deputado de Obras e Infraestructuras don Manuel Martinez acerca da conveniencia deso , xa que estaban actuando nos municipios próximos e deulle garantías de que no verán estarían listos; e hai unha circular de que se demoraran un pouco porque contrataron o servizo mais tarde, pero a día de hoxe non se empezou, e supón que empezarán enseguida.

O Sr.Reymondez Gancedo pasa a referirse a continuación ao STOP de A Devesa na estrada a Noceda e dí que foi posto ao día seguinte do Pleno , pero que hai un problema que a sinalización vertical dos viarios cando é dobre e cando é sinxela e neste último casoponse unha na man de dereite e cando é dobre en ambas e neste caso é sinxela e non se puxo ben e a ver se poden corrixir iso.

O Sr.Alcalde contestalle que non vexa mala fe e reconece que ao día seguinte estaba posto o sinal.

O Sr. Reymondez Gancedo formula un novo rogo afirmando que quere seguir falando de limpeza dicindo que poderían mellorar os accesos á Vila e os setos do Parque de San Francisco e que podían mellorar ambos e que non sabe cal é o problema se é do persoal ou de que choveu pero o demanda xente de aquí e visitantes.

Prosegue manifestando o Sr.Reymondez Gancedo que quere facer un rogo en relación á Estrada de Reme donde o observatorio de aves que tamén se podía limpar , por certo, que vai

por outro lugar e en relación a camións de descarga de madeira que utilizan ese lugar e que é antiestético e perigoso.

Incidentalmente coméntase que hoxe estivo limpo.

Toda vez que se reitera por parte dos Sres.Rivas Alvarez e Reymondez Gancedo que hai un camión que descarga e baixa e descarga reiteradamente o Sr.Alcalde manifesta que a estrada é de titularidade estatal e correspondería ao vixilante de estradas a policía da mesma.

O Sr.Rivas Alvarez incidentalmente dí que se trata de eucaliptos, de medio camión, e pode equivocarse pero esa madeira poder ser dunhas actuacións que estiveron facendo os de de TRAGSA cando estiveron limpando na riveira.

Se formula polo Sr.Concelleiro Reymondez Gancedo un rogo respecto a Rinlo se se poidera facer algo respecto á regulación do tráfico no verán, xa que teñen técnicos e se forma desde logo, dende a Mirandilla á Cofradía un embudo e un caos circulatorio e podería regularse a certas horas para evitar ese caos ; non sabe se a cuestión é de que poñan unha dirección única pero pide que se regule.

O Sr.Cupeiro Rodríguez, como Concelleiro Delegado dí que do tema de Rinlo xa estiveron falando e saben que en Rinlo especialmente no verán hai un fluxo de coches impresionante e que xa se puxeron en marcha hai seis meses pedindo autorización a Rede Natura para poñer un aparcadoiro á beira do peirao, que é donde queren poñelo, e a día de hoxe lles dixeron que sí verbalmente, pero por escrito nada, e ao mellor hai outras posibilidades pero en verdade consideran que é o punto ideal para que a hostelería non vexa dificultades , a un minuto dos lugares principais.

Reitera que están no tema e que leva tempo e que ás veces as cousas na Administración van despacio e que é verdade e que lles podían ter contestado hai tempo, e chamou varias veces aínda por teléfono ao responsable e lle dixo que tardaría un mes en autorizarse e iso xa hai seis meses a lo menos, e entón o que non poden facer é forzar a ninguén ; que estan no tema e é serio e hai un embudo e teñen un proxecto en canto a poñer noutro sitio un aparcadoiro, pero non sabe se a xente aceptará un aparcadoiro á entrada e que pensa que si pero para todos cerca do porto sería o mais axeitado, e que tan pronto como poidan van regular o tráfico.

Deliberase sobre a cuestión, propoñendo o Sr.Reymondez Gancedo, a cuestión da dirección única e deliberándose sobre esta materia. O Sr.Alcalde pola súa parte dí que ratifica o que dixo o Sr.Cupeiro Rodríguez que fixeron unha petición verbal xa diante do subdirector xeral de desenvolvemento sostible da Consellería de Medio Ambiente, en presenza do Delegado de Costas e outras autoridades e pediuse por escrito, con tempo, en primavera, desta e doutras zonas e xa que non queren que suceda como o ano pasado, que por desbrozar cunetas lles sancionaron, e se interesaron persoalmente polas peticións, pero ao día de hoxe non hai nada por escrito , pero non queren que veña o SEPRONA e lles multe.

Prosegue sinalando o Sr.Alcalde que se no transcurso da semana que ven non teñen autorización o que farán é trazar unha alternativa que denomina “ ir pola de atrás de Rinlo” pero respecto ao tráfico calquera solución vai ser polémica, pero poden buscar unha alternativa e se fai mención da posibilidade de ir por Meirengos.

O Sr.Reymondez Gancedo propón que se pode facer un plan de regulación de tráfico por tramos horarios e o Sr.Alcalde dí que os horarios se convirten nunha casa de tolos, que é moi complicado que a xente non toma conciencia dun día para outro e se produce un problema entre xente que cumpre e xente que incumple.

O Sr.Reymondez Gancedo se refire a que cando chega a Policía xa non está o infractor e o Sr.Alcalde dí que realmente a Policía ten un centro de gravidade que pivota en Ribadeo e

propón que se agarde unha semana e fai referencia ao intento de utilizar unha masa común do Concello e a ver se dan autorización temporal para instalar o aparcadoiro perto da ribeira.

Intervén a continuación o Sr.Rivas Alvarez que manifesta que felicita ao Concelleiro de Medio Ambiente polas xornadas ambientais que son a numero XII e non a X como se dixo na inauguración e que quere felicitalos por un programa ambicioso.

O Sr.Cupeiro Rodríguez en tono irónico dí que dí eso e logo lle da “caña”.

O Sr.Rivas Alvarez a continuación pregunta ao Concelleiro Delegado respecto ao que dixo de que tiñan os alumnos da USC un crédito de libre configuración e pregunta se ten algún documento o Concello e o Sr.Cupeiro Rodríguez dí que non o ten.

O Sr.Cupeiro Rodríguez prosegue dicindo que a persoa que dirixe o curso que foi quen llo transmitiu lle dixo que fora aprobado , que hai unha especie de tribunal que se encarga dese crédito para acreditarlo e que foi aceptado. O Sr.Rivas Alvarez dí que o dí porque non se estea enganando aos rapaces con crédito de libre configuración cando non o van ter, cousa que xa pasou neste Concello noutras ocasións , pero o dí porque para iso o Director do curso ten que ser un profesor da USC e os alumnos ademais teñen que pagar matrícula e aquí ninguén pagou matrícula. O Sr.Rivas Alvarez pregunta ao Concelleiro Delegado tamén se isto é verdade.

O Sr.Rivas Alvarez contesta que non pagaron matrícula e explica que porque senon era un dos agravios comparativos que tiñan entre o profesorado, persoal de Medio Ambiente e alumnos universitarios e tiñan que ter un documento que asinaba o Director do curso, e levaban o papel os alumnos, e pregunta se non é así.

O Sr. Cupeiro Rodríguez contesta que so pode dicir que é posible , que non é un experto no tema de educación pero que sí lle gusta que todos os cidadáns teñan dereito á presuncion de inocencia.

O Sr.Rivas Alvarez pola súa parte lle dí que se entere e o Sr.Cupeiro Rodríguez contesta que poden rizar o rizo todo o que queiran pero en principio cree que todo o mundo ten dereito á presunción de inocencia e que queren presumir de que o que lle dixo o director do curso é certo e non sabe se o Sr.Rivas Alvarez ten a razón.

O Sr.Rivas Alvarez pola súa parte reitéralle que se entere para evitar aos rapaces que vaian a contar con ese crédito, e lles falle o crédito, e leven un papeliño que non lles serve.

O Sr.Cupeiro Rodríguez, pola súa parte reitera que todo o que falen agora non serve para nada, e o Sr.Rivas Alvarez pola súa parte dí que están preguntando se teñen un papel no Concello que diga iso. Intervén o Sr.Alcalde que dí que o asunto está mais que sustanciado e que para os créditos de libre configuración agora non é necesario pagar matrícula e se antes o era, agora non, e que en segundo lugar os folletos estaban a disposición de todo o mundo e o pon claro de que se trata dun crédito de libre configuración que estaba en trámite, e iso é o que quere dicir e que ninguén se pode levar as máns á testa.

O Sr.Rivas Alvarez contesta que fixo a pregunta polo que dixo o Sr.Cupeiro Rodríguez esta mañá, e o mencionado sinala que deixou a súa exposición dabondo clara, e por parte do Sr.Rivas Alvarez á súa vez se dí que non hai nada que discutir senon que hai que mirar se é así e senon dicir á xente como é.

O Sr.Cupeiro Rodríguez dí que reitera que cree na persoa que é o director das xornadas e non pode poñer en dúbida o que lle dín mentres non se demostre o contrario.

Formula unha nova pregunta o Sr.Rivas Alvarez sobre se se fixo algún contacto coa Consellería de Educación para que recoñezan como formación para o profesorado esas xornadas ambientais , como horas de formación.

O Sr.Cupeiro Rodríguez, como Concelleiro Delegado contesta que efectivamente podían ter feito o tramite para que servira para o profesorado e se ten feito e consideran que a Administración ás veces é complexa, e sería triste que se realmente ten un crédito para a Universidade que non tivera crédito para que determinados profesores que tiveran necesidade de sexenios resultara que realmente non lles valera, porque entón si que a Administración non habia por donde collela, e que sería de broma que pasase.

O Sr.Rivas Alvarez pola súa parte dí que pasa e que os títulos do profesorado teñen que levar o código do curso no título e que senon non valen.

A continuación o Sr.Rivas Alvarez pregunta sobre as licenzas de primeira ocupación dos edificios afectados polas baixo-cubertas cando na acta da Xunta de Portavoces de 23 de abril, que procede a leer, queda ben claro que:

“De seguido por unanimidade, como acordo dos membros presentes da Xunta de Portavoces, acórdase que inmediatamente despois de pechados os expedientes administrativos se convoque o Pleno municipal sen ir mais alá do 15 de xuño de 2008.”

O Sr.Rivas Alvarez prosegue manifestando que se está xa a 14 de xullo.

Toda vez que o Sr.Alcalde lle pide prestada a acta referida, ao Sr.Rivas Alvarez, éste prosegue lendo “ *acórdase que inmediatamente despois de pechados os expedientes administrativos se convoque o Pleno municipal sen ir mais alá do 15 de xuño de 2008, e sempre despois do peche do período voluntario de pago.*”

O Sr.Alcalde pola súa parte manifesta que creen que desde logo hai unha demagogia terrible e que iso non é ler un acta, que a acta non a fai o Alcalde e reflexa o que alí se acordou e entón vai ler a totalidade de todo o párrafo, e o Sr.Alcalde le: *“De seguido por unanimidade, como acordo dos membros presentes da Xunta de Portavoces, acórdase que inmediatamente despois de pechados os expedientes administrativos se convoque o Pleno municipal sen ir mais alá do 15 de xuño de 2008, e sempre despois do peche do período voluntario de pago.”*

O Sr.Rivas Alvarez pola súa parte dí que é sen ir mais alá do 15 de xuño, e o Sr.Alcalde lle contesta que *“e sempre despois do peche do período voluntario de pago.”*

O Sr. Rivas Alvarez pola súa parte dí que se fixeron os cálculos e como moito xa se podía o primeiro de xuño e xa se puxo o 15 para que dese tempo e que non se pode poñer aos veciños como escudos.

O Sr.Alcalde pola súa parte dí que o que non se pode facer e demagogia e estar mais cos promotores que cos veciños, e que iso non se pode facer.

O Sr.Rivas Alvarez pola súa parte lle dí que eso é o que dí o Alcalde, e que é el quen fai demagogia. O Sr.Alcalde pola súa parte maniféstalle que toda a Corporación pactaron unha folla de ruta e o Alcalde e o Grupo de goberno non se van mover desa folla de ruta, que

pactaron como lle daban unha solución e están niso e fai referencia aos amigos do Sr.Rivas Alvarez; o Sr. Rivas Alvarez pregunta que amigos e o Sr.Alcalde lle dí que o Sr.Rivas Alvarez e o Alcalde o saben e se aceptaran todo e non recorran se sustanciaba, pero claro, que hai recursos importantes.

O Sr.Rivas Alvarez, pola súa parte dí que van ter os veciños pendentes dos promotores.

O Sr.Alcalde dí que se non recorran nada , pero como pouco menos que os promotores teñen toda a razón , e quen se equivoca absolutamente é o Concello non sabe que están pintando aquí e que entón non van entrar niso; que o Instructor que non é o Alcalde mandou unha proposta de Resolución que foi alegada con fundamento por parte dalgunhos , non todos, o Concello e que os instructores e os técnicos tiveron que contrainformar as alegacións , e o dí porque non vaian a facelo mal e logo decaiga todo, e teñen que facelo ben, intentar facelo ben; logo pode saír ben ou mal , podese xudicializar e pódese gañar ou perder pero van intentar facelo ben (incidentalmente pide o Alcalde ao Sr.Rivas que lle deixe falar), polo tanto non ten ningún problema en que canto antes saquen este asunto mellor, pero o van facer ben e a data era unha data recordatoria de mediados de xuño sempre que se peche o período voluntario, que non está pechado porque non está notificado todavía.

Prosegue manifestando o Sr.Alcalde que nos próximos días se asinarán as propostas formales de reposición de legalidade e seguidamente de potestade sancionadora, que pode ser recorrida ou non ; se se recorre aínda non está pechado o período formal , así que lle dí o lle transmite en alto que se queden paradiños cando lles chegue e que depositen a multa e non fagan nada.

O Sr.Rivas Alvarez manifesta que o Alcalde está poñendo os intereses do Concello por diante e o Sr.Alcalde lle dí que é un demagogo e está poñendo aos veciños como escudo fronte aos promotores.

O Sr.Alcalde manifesta asimesmo que o Sr.Rivas Alvarez polos seus actos desvela que é un defensor de causas escuras e o Sr. Rivas Alvarez pola súa parte dí que é dos veciños.

Asimesmo por parte do Sr.Alcalde se dí que o pacto entre todos non era o que dí o Sr.Rivas Alvarez e que éste quere a calquera costa e se sae mal o expediente mellor para o Sr.Rivas Alvarez e para os promotores; o Sr.Rivas Alvarez pola súa parte dí que non ten nada que ver unha cousa con outra e que polo que dí o Alcalde ou sexa que non vai haber licenza para estes señores ata que se vaia ao contencioso.

O Sr.Alcalde pola súa parte dí que hai un acta e que se cumpla o que se dixo ahí e refírese á acta da Xunta de Portavoces; toda vez que o Sr.Rivas Alvarez dí que ahí está ben claro, o Sr.Alcalde reitera que sempre que se peche o período voluntario, ao que responde o Sr.Rivas Alvarez que o Sr.Alcalde tiña o Pleno convocado e tivo que facer a Xunta de Portavoces para desmontalo.

O Sr.Rivas Alvarez , do Grupo de UPRI a continuación se refire a que días atrás fixéronse unhos pasos elevados na rúa Pintor Fierros con tubos laterais que deben ter un diámetro de 10 cm., e que choveu a semana pasada e a auga apozaba, e non so pasa nas de mais recente construción senon noutro caso como a da Avenida de Galicia ou na Rúa San Roque e pide que cando se fagan as obras as faga un técnico e diga que diámetro teñen que ter os tubos polo menos para que non apocen, porque incluso hai risco de accidentes.

O Sr.Alcalde contesta ao Sr.Rivas Alvarez que ten razón.

De seguido fórmase un rogo por parte do Sr.Concelleiro de UPRI no uso da palabra sobre a rúa existente entre as vivendas de Pescadores, rúa San Miguel e pide que se adecenten os setos que xa llo dixeron os veciños varias veces e pide que tome nota o Concelleiro de Medio Ambiente.

Formúlase asimesmo unha pregunta sobre un cartel que estes días pasados se colocou no parque de San Francisco e que xa se retirou e non sabe nin porqué se puxo nin porqué o retiraron.

O Sr. Alcalde contesta que estaba mal posto e que por iso se retirou, e o Sr. Rivas comenta que é unha cousa que agradecerán os pais e os nenos sobre todo.

De seguido por parte do Sr. López Pérez do Grupo Municipal Socialista se formula o rogo ao Sr. Concelleiro de Medio Ambiente en relación ao baldeo que se efectúa os domingos á mañá nas rúas e prazas da Vila que ten unha queixa veciñal que transmitirle en relación ao baldeo na Praciña de San Roque que se baldea de tal xeito que se rebosa, botan a auga a chorro e vai toda a auga con restos e o estado da rúa Julio Lazúrtegui era tremendo con toda a auga non limpa, senon con restos, e que non quere que se suprima o baldeo pero pide que non se prexudique a outras rúas e reitera que quedou nun estado lamentable.

A continuación formúlase outro rogo polo Sr. Lopez Pérez ao Sr. Alcalde que dí que xa o sabe, en relación á praia de Rocas Blancas , que sabe perfectamente que a escaleira hai un mes que a levou o mar e se repón e outra vez e a volta a levar e sabe que vai voltar a suceder e roga que un técnico supervise como se fai a obra xa que se se fai mal, e se se volta a facer da mesma maneira, a vai voltar a levar o mar dentro de quince días que hai mareas grandes.

O Sr. Alcalde contesta que lle deu palabra os responsables de TRAGSA de que entre hoxe e mañá o arranxarán e que llo dixo o encargado sinalando o Sr. López Pérez que a marea estaba baixa e non o arranxaron , e que da igual que o fagan mañá ou pasado.

O Sr. Alcalde sinala que Costas ten un contrato con TRAGSA para ese mantemento e é a quen chamou e que é consciente da situación.

O Sr. López Pérez sinala que se se ve o material que se utiliza, se comprende que o mar o leve.

Seguidamente por parte do Sr. López Pérez se formula un rogo en relación a cargas e descargas na vila pedindo que se ordenen as descargas dos Centros comerciais , como é o caso de GADIS , Alimerka, etc, etc. , xa que non teñen un horario e veñen cando lles da a gaña e están ocasionando bastantes problemas e transtornos porque veñen eses camións grandes para carga e descarga e se poñen en dobre fila e se causa un problema tremendo e pon o exemplo da Avda. de Galicia.

O Sr. López Pérez prosegue sinalando que sabe da época en que era Concelleiro Delegado e tamén cando era Concelleiro-Delegado o Sr. Duarte Díaz do Grupo Popular que había acordado cos responsables do supermercado El Arbol que se comprometían a vir todos os días ás tres da tarde, paraban en San Roque e facían a descarga e comprende que teñen que descargar e traballar pero non pode ser que veñan un día ás 9 e outro ás 7 e ten que controlarse, xa que se crea un caos na vila importante.

Por parte do Sr. López Pérez se manifesta que mais ou menos en todos os casos como Alimerka, Eroski, na rúa Deputación, etc. entende que teñen que descargar, pero que veñan en verano ás 7 da mañá ou ás 9 da noite e que o saiba a Policía Local, e respecto ao caso de GADIS cree que ten reservada unha zona en Rosalía de Castro, sen problemas.

Inrtervén a continuación a Sra. Rodriguez Arca, do grupo Municipal Socialista que formula unha pregunta en relación á praia de Os Bloques sinalando que se cortou a herba , a amontonaron e fermentou , e agora existen ademáis plantas grandes e pide que se acondicione esa zona ; tamén fai referencia a Sra. Concelleira a que estaba traballando unha escavadora e había xente que ía á praia.

O Sr. Alcalde manifesta que ten a dúbida se sería persoal por conta de Portos, xa que están facendo as naves.

A Sra. Concelleira do Grupo Socialista manifesta que estaban traballando na baixada e hai xente que vai á praia en cadeira de rodas.

Asimesmo fai referencia a Sra. Rodríguez Arca, á problemática que se crea na praia dos Bloques pola presenza de cans e as defecacións dos mesmos.

O Sr. Cupeiro Rodríguez, como Concelleiro Delegado manifesta que agradece que llo digan e que xa emitiron un bando sobre as defecacións dos cans pero hai dúas opcións, unha é a información que xa dan e outra sería ir a un estado policial que non lle gusta, que prefire informar, pero que ás veces non teñen todos os medios para informar todo o que quixeran pero non é porque non o saiban e que poden mandar á Policía Local que multen pero non lle parece o máis axeitado e se o fan lles criticarían na prensa.

Reitera o Sr. Concelleiro Delegado que non debera crearse un estado policial e que teñen que loitar por máis información pero que costa e ás veces os medios o que queren é máis que formar ao cidadán e o que importa é crear polémica para ter audiencia e se teñen recursos económicos poden gastar máis cartos en información, pero dalle toda a razón á Sra. Rodríguez Arca.

Delibérase entre os Sres. Concelleiros sobre o asunto plantexado pola Sra. Rodríguez Arca.

O Sr. Alcalde incidentalmente manifesta que a competencia é do Concello e a responsabilidade é de impoñer as multas pero doeríalle que foran os medios dicindo que non se dialoga porque é algo de moda ultimamente e que poden dialogar cos donos dos cans pero que non suceda como cando se cae un inmovible se dí que é porque non se dialoga.

A Sra. Rodríguez Arca manifesta que a praia de Os Bloques non é unha praia natural e se refire aos problemas que se derivan desta situación en relación cos excrementos dos cans.

Seguidamente pola Sra. Rodríguez Arca tamén se fai referencia a que se atopa un valado roto na zona do mineral e que é un perigo que leva roto dende fai tempo e antes non se vía, e pide que se arranxe.

Intervén a continuación o Sr. Pérez Vacas que manifesta que ten tres preguntas que facer.

En primeiro lugar polo Sr. Pérez Vacas se pregunta se está cuantificado o que se leva gasto con cargo ao presuposto municipal no campo de fútbol de A Devesa, que non ten presa, se o sabe de memoria o Sr. Concelleiro Delegado, porque hai partidas que van no presuposto deste ano.

O Sr. Castro Reigosa contesta que ten boa memoria e que para os vestiarios son 34.000 euros aproximadamente, e se quere os datos concretos llos aporta por escrito; que no ano 2008 con subvención en parte son 43.000 euros e houbo unha primeira fase de sementado e preparado do terreo, por importe de 18.000 euros.

Pregunta o Sr. Pérez Vacas si están metidas ahí as cantidades que viñeron hoxe á sesión contestándose polo Sr. Concelleiro Delegado que o custo aproximadamente foi de 95.000 euros.

Formula unha segunda pregunta o Sr. Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista en relación a que recentemente leu na prensa que se asinou un convenio coa Universidade de Santiago de Compostela e pregunta se sen estar aprobado o presuposto con cargo a que partida, porque ese acordo prevé seis mil euros anuais durante 4 anos e pregunta se contaba con informe favorable de Intervención.

O Sr. Alcalde contesta que cree que iso é un contrato menor e que irá no presuposto deste ano 2008 e deberá consignar, e como se pode asinar un contrato e aparecerá reflectido no presuposto.

O Sr. Pérez Vacas repregunta se estaba informado por Intervención, e o Sr. Alcalde contesta que descoñece agora mesmo se estaba ou non informado.

Formula o Sr. Pérez Vacas asimesmo un rogo e pregunta xa que observou unha serie de actuacións por parte da Concellaría de Medio Ambiente de instalación de bancos en zonas privadas e fai referencia á súa instalación nun lugar denominado “ eucaliptos de Dona Elisa” no medio dese parque , e non sabe se foi un detalle para o Sr. Rodriguez-Sabugo.

O Sr. Cupeiro Rodriguez Concelleiro-Delegado de Medio Ambiente manifesta que non sabe, e o Sr. Castro Reigosa, Concelleiro-Delegado de Economía e Facenda manifesta que a instalación de bancos tiña que ser en zona pública, e non en zona privada, ao que replica o Sr. Pérez Vacas que xa o sabe, pero lles pregunta se son os que están instalados en zona pública e o Sr. Castro Reigosa dí que os bancos son municipais, que sí, e pregunta de cantos bancos lle fala, e o Sr. Pérez Vacas dí que de dous, que se instalaron nos “eucaliptos de dona Elisa” e un deles mirando para a parede, castigado, e pregunta se é unha actuación municipal porque a finca é privada.

O Sr. Castro Reigosa contesta que deuse orde de poñer dous na zona do Forte de San Damián e terán que corrixir a ubicación.

Formula o Sr. Pérez Vacas un rogo manifestando que varios veciños e sobre todo do Hospital Asilo piden que en Amador Fernández se poña un banco ou dous para que os poidan utilizar os que están no Asilo.

O Sr. Alcalde contesta que cre recordar que houbo un rogo ou ao mellor non, pero o cumprirán exactamente e se corrixirá inmediatamente.

En relación á petición ía poñer los bancos, pero os técnicos lle dixeron que a beirarrúa era moi estreita para poñer bancos.

O Sr. Pérez Vacas contesta que ten o mesmo ancho que a outra, e o Sr. Alcalde lle replica que de fronte non, que donde a Escola de música ten unha beirarrúa mais grande como a que lle chaman en Vegadeo “o acerón”, pero que non hai ningún problema en que se poñan un ou dous bancos e que quede todo o mundo moi contento.

O Sr. Alcalde asimesmo manifesta que consideraron que a beirarrúa ía quedar estreita e agradece que lle digan que os poña porque se o puxeran ían críticoalo porque era moi estreita e agora críticoalo porque non os puxo.

Volta a intervir o Sr. Pérez Vacas do Grupo Socialista que manifesta que quere preguntar respecto a unhas obras que veñen de facer nunha finca privada que cre que pertence á Asociación de Amigos da Gaita para facer un aparcadoiro, e non sabe se hai un convenio asinado ou se mandan facer o aparcadoiro nesa finca ou é noutra.

O Sr. Castro Reigosa contesta que obedece a un convenio, e o Sr. Pérez Vacas pregunta se está asinado, ao que responde o Sr. Castro Reigosa que está pactado.

O Sr. Pérez Vacas preguntalle que é o que está pactado e pregunta se se fixo actuación con máquinas públicas e operarios e se non está aínda o convenio e o Sr. Castro Reigosa contesta que sí.

O Sr. Pérez Vacas preguntalle cando se vai asinar o convenio e o Sr. Castro Reigosa dí que moi pronto, formulándose unha repregunta do Sr. Pérez Vacas de en que termos e que cede a

Asociación de Amigos da Gaita á Entidade pública, contestando o Sr.Castro Reigosa que a posibilidade de utilizar o aparcadoiro públicamente.

O Sr.Pérez Vacas respóstalle que cando se fixeron esas obras non había nada, ningún convenio asinado. O Sr.Castro Reigosa confirma que non, que cando se iniciou a obra non había ningún convenio asinado.

Por parte do Sr.Castro Reigosa sinálase ao Sr.Pérez Vacas que quería facer referencia primeiro á primeira pregunta do Sr.Pérez Vacas facendo unha puntualización que lle quere comentar e que é que respecto aos vestiarios do campo de A Devesa é que mais do cincuenta por cento da obra foi con financiación allea. O Sr.Pérez Vacas dí que o que preguntou foi canto se gastou no campo de fútbol de A Devesa do presuposto municipal e o sr.Castro Reigosa contesta que a partida presupostaria municipal é a que dixo pero desa partida hai unha parte da que tamén hai subvención.

Toda vez que o Sr.Perez Vacas pregunta se iso é a maiores o nega o Sr.Castro Reigosa e sinala que non sabe se sabe o Sr.Pérez Vacas como funciona un presuposto, xa que no presuposto presupóstanse todos os gastos dunha parte e doutra os ingresos e as subvencións son os ingresos.

O Sr.Pérez Vacas volta preguntar canto se leva gastado das partidas do Concello contestando o Sr.Castro Reigosa que o 60 % da obra e con financiación allea e o 40 % con fondos propios.

O Sr.Pérez Vacas maniféstalle que xa se dera por satisfeito antes, ao que contesta o Sr.Castro Reigosa que era unha puntualización que quería facer; prosegue o Sr.Concelleiro Delegado sinalando que con respecto ao aparcadoiro da rúa Alfredo Deaño ao que se referiu, hai unha necesidade de ter que utilizalo, que quere darlle unha explicación debido a eventos que había, o que fixo que se acelerara o proceso de execución.

O Sr.Pérez Vacas maniféstalle que estarán expectantes á sinatura dese convenio, e se contesta polo Sr.Castro Reigosa que o convenio o porá á súa disposición unha vez asinado.

O Sr.Rivas Alvarez, do Grupo Municipal de UPRI, pola súa parte, dí que se hai un acordo entre o Concello e Amigos da Gaita o Concelleiro no uso da palabra que é socio desa sociedade non ten ningún coñecemento.

O Sr.Castro Reigosa sinala que ten o acordo coa directiva desa Sociedade.

O Sr.Duarte Díaz, do Grupo Municipal Popular, pola súa parte manifesta que está moito mellor así.

A continuación fórmulanse unha serie de preguntas por parte da Sra.Concelleira do Grupo Municipal Popular dona Begoña Sanjurjo Santar.

Pregunta en primeiro lugar porque se sacou o contenedor de vidro da parroquia de Arante. O Sr.Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, Sr.Cupeiro Rodriguez, pregúntalle que dende cando, respostando a Sra.Sanjurjo Santar que dende fai quince días e que ten que traer as botellas para Ribadeo.

O Sr.Cupeiro Rodriguez dí que non lle consta e o Sr.Castro Reigosa dí que pode tratarse dun cambio de sitio para a festa de San Pedro e pregunta se se cambiou de sitio.

O Sr.Cupeiro Rodríguez, dí que se cumpren o ratio que corresponde ou que a Xunta interpreta poído pasar que o levaran por un motivo especial que non lle consta, a festa que dixo o

Sr.Castro Reigosa ou algo diso e que o cambiasen e que hai que repoñelo e que é importante anotalo.

Seguidamente pola Sra.Sanjurjo Santar se fai referencia a problemática existente das gaivotas e á posibilidade de que as gaivotas que están anidando nos edificios deberían anidar no seu hábitat natural e non no aparcadoiro municipal e noutros lugares e pide que se actúe.

O Sr.Cupeiro Rodríguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente, dí que o ano pasado xa estivo loitando e moveu “Roma con Santiago” e se puxo en contacto con outros Concellos e todos teñen o mesmo problema porque a gaivota non ten que comer no mar e veñen a comer no lixo e se lles deixan as tapas dos contenedores veñen con máis motivo a comer e que é fácil decilo e difícil de resolver.

Deliberase entre os Sres.Concelleiros sobre a posibilidade de solventar este problema facéndose referencia no seo da deliberación á posibilidade de instalar búhos amarelos.

De seguido pola Sra.Sanjurjo Santar se reitera o rogo formulado respecto aos viarios da Deputación dos que xa se ten dado conta.

Intervén a continuación o Sr.Duarte Diaz do Grupo Municipal Popular que formula tamén unha serie de rogos e preguntas.

Por parte do Sr.Duarte Diaz en primeiro lugar se refire ao que dixo o Sr.López Pérez en relación á cuestión da carga e descarga e que manifesta estar de acordo do xeito en que o expuso pero vai ser máis exacto, por exemplo hai unha reserva xa en GADIS para carga e descarga e ve perfectamente como funciona pero o problema realmente existe no supermercado ALIMERKA e veñen as 9 da noite, e pecha ás 10, e os coches que saen da piscina teñen un tapón grande e hai que avisar á Policía Municipal que tome conciencia deso e considera que Alimerka ten ademais unha facilidade e é que teñen un espazo donde meten os coches para aparcarse no aparcadoiro e pide que o utilicen, e que non pode suceder que teñan tantas comodidades.

Formula o Sr.Duarte Diaz unha segunda cuestión relativa a que se o Alcalde ten constancia de que en época estival na praia de Os Castros están facendo obras, e que é de pena, e que tiveron todo o inverno e non pñense a facelas agora no mes de xullo.

O Sr.Alcalde contéstalle que ten razón e que empezaron fai catro meses , no período de marzo-abril.

O Sr.Duarte Díaz a continuación formula un rogo relativo á estrada municipal de Piñeira a Rinlo que considera que está impracticable. O Sr.Alcalde pola súa parte maniféstalle que cre que xa se fixo o recheo e tamén cre que se rebacheou.

Intervén o Sr.Raimondez Gancedo que dí que queda un trozo por facer, sinalándose polo Sr.Cupeiro Rodriguez que ese trozo está despois de Piñeira - Vilaselán e o Sr.Duarte Diaz manifesta que precisa que se faga un rebacheo.

Intervén o Sr.Alcalde que manifesta que pode constatar que dende Vilaselán ata a Area recreativa que fixo unha escola obradoiro a medias, debe constatar que cre que está en perfecto estado pero igual de ahí a Rinlo queda algun bache, e que de paso que explica iso vai aproveitar para falar de algo que non sabe se é ilegal ou non pero que fixo.

Prosegue sinalando o Sr.Alcalde que a cuestión do estado desa estrada ven derivado de que a empresa COPASA que é a que fixo a obra do saneamento pola costa, ocupou un circuíto de camiións de tal xeito que estropeu toda a zona e que pola súa parte mandou un escrito a Augas de Galicia e esta contestou cun informe da empresa dicindo que non procede o que pediu o Concello, porque se lle preguntou á empresa, e a empresa dí que non foi, e que lle

costou unha discusión importante de verdade, con Augas de Galicia, aos que tratou de irresponsables para arriba; e lles dixo que non ía quedar así e buscou algunhas manifestacións da Policía e dalgún veciño, e se voltou a mandar outro escrito hai vinte e pico días e se lles dixo que o que estropearon o tiñan que arranxar polas boas ou polas malas, así foran ao xulgado, e os da empresa chamárono e a discusión tamén foi moi importante, e posteriormente viñeron os de Augas de Galicia pidindo disculpas coa garantía de facer a reposición; e despois a semana pasada, COPASA veu e pediu disculpas e levaron ao Alcalde para supervisa-la reposición aínda que dicían que sí, que era para non meterse en discusións, pero que non foron os únicos, é dicir, dicían o de sempre.

Asimesmo polo Sr.Alcalde sinálase que houbo outra cuestión en relación a que hoxe mandou cortar un camiño para o acceso dos camións da autovía do tramo de Reinante, porque hai unhas meses con estas cousas que están pendentes con FCC resultou que se portaron moi mal con Ribadeo, se marcharon e o día despois de marcharse non lle voltaron a coller o teléfono e é unha cousa denigrante. Que agarda que veña o Xefe de Estradas de Galicia “in situ” a ver os defectos das obras que están a medio facer e que tiveron acordadas na Xunta de Goberno e todo iso en Vilaselán, Piñeira, camiños de servizo, do monte, etc. e que é unha vergonza e como non tiveron a responsabilidade de vir inmediatamente sen que lle tiveran que mandar outra carta despois do acordo unánime que lle mandaron, e dicirlles que é imperdoable o que lles facían e poido pasarlles unha copia, pero mentres aínda estaban resolvendo eso, lles chaman da Cooperativa Os Irmandiños, dicindo que a empresa FCC pasou por ahí, e que o camiño que é público, aínda que o amañe Os Irmandiños, e FCC dicía que sí, que o arranxarían, pero marcharon e acabaron amañando os da Cooperativa Os Irmandiños, que lle pediron apoio ao concello, pero acabou facendoo a propia Cooperativa.

Prosegue manifestando o Sr.Alcalde que resulta que hoxe chamárono pola mañá e lle dín que dende o xoves están pasando un montón de camións cargados por esa estrada e que vai pasar o mesmo, e que mandou á Policía que pararan e identificaran os camións e que é sempre o mesmo, que a empresa ten 50 subcontratistas e todo o mundo fai caso omiso; que mandou identificar aos condutores, tomar as matrículas e lles prohibiron o paso por ahí, pero non puxo nada que lles impedira pasar e ordenoulles baixo a súa responsabilidade que pararan, e chamoulle un cargo de baixo nivel na empresa e se dixo pola Alcaldía que non lles deixa pasar ata que depositen unha fianza, a que lles estime o arquitecto municipal, e por él non hai ningún problema, pero non quere que lle pase o de sempre, con COPASA ou con FCC; tomou nota pero pola tarde pasou o mesmo e entón ordenou á Policía que cortara o acceso literalmente, que puxeran unhas valados e cortaran o acceso e que unha vez que o cortou xa lle chamou o responsable máximo da empresa e lle dixo que tiña moita cara porque despois de ordear que pararan e cal era a solución que sempre é negociar dende a posición de respecto cara ao Concello e ten a empresa que vir aquí depositar unha fianza que lle fixe o arquitecto municipal de 5 ou de 25.000 euros, o que sexa, pero unha vez que se repoña non hai ningún afán recadatorio, pero non quere que esa situación se repita e así llo dixo e lle dixo ademais que se quere chame da súa parte ao Xefe de Demarcación de Estradas de Galicia e que lle diga que o Alcalde é un insolente ou que lle denuncien no Xulgado, pero por ahí non pasa, e agarda que estea así e mañá dará instrucións de que a Policía vaia por alí.

O Sr.Duarte Díaz, do Grupo Municipal Popular manifesta que lle parece moi ben; prosegue afirmando o Sr.Duarte Díaz que está compaxinando coa pregunta que fixo o Sr. López Pérez, e segundo él fixo sobre o tema da praciña de San Roque, él o vai facer agora pedindo que baldeen a esquina do Cine Teatro, que apesta, e que é un urinario público, sobre todo os fins de semana, e que quere que fagan tamén alí un baldeo.

O Sr.Cupeiro Rodriguez, Concelleiro-Delegado de Medio Ambiente, contesta afirmativamente e dí que iso tamén sucede nos baixos do Concello.

Sendo as vintedúas horas e trinta minutos e non habendo mais asuntos que tratar o Sr.Alcalde levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL,